

ACTA DA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA
CELEBRADA O DÍA 31/10/2024(<http://sede.vilagarcia.gal>)

Sras. / Sres. Asistentes:

ALCALDE-PRESIDENTE

D. ALBERTO VARELA PAZ

CONCELLEIROS/AS

DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN

D. LINO MOURIÑO SANTIAGO

DONA PAOLA MARIA MOCHALES

D. CARLOS COIRA LOJO

DONA SONIA OUTON CASAL

D. DIEGO GARCIA SANTIAGO

DONA LUZ MARIA ABALO PÉREZ

D. ALVARO CAROU GARCÍA

DONA ANA MARIA GRANJA GUILLÁN

D. JUAN ANDRES BAYON ROLO

DONA MARIA ELENA SUAREZ SARMIENTO

D. JESUS REY RODRIGUEZ

D. ROBERTO DOMINGUEZ BUSTELO

D. RAUL SANTAMARÍA GONZÁLEZ

DONA MARTA MARÍA FERRADANS PADIN

D. DAVID HIGINIO OLIVEIRA BARREIRO

D. JULIO VARELA CARDALDA

D. FRANCISCO XABIER RODRIGUEZ PAZ

DONA ROSA MARIA ABUIN RODRIGUEZ

D. JUAN MANUEL FAJARDO RECOUSO

SECRETARIA

MARIA ROSÁ LOSADA SUAREZ

INTERVENTOR

MANUEL FRANCO LEIS

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, sendo as 17:00 do día 31/10/2024, e coa asistencia da Secretaria, reuníronse, en primeira convocatoria, os/as señores/as Concelleiros/as, que á marxe se relacionan como asistentes, co obxecto de celebrar Sesión Plenaria Ordinaria convocada ó efecto.

A continuación procédese a trata-los asuntos que figuran na Orde do Día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior, de data 26 de setembro de 2024.

2. Toma de coñecemento dos Decretos da Alcaldía emitidos no mes de setembro de 2024.

3. Aprobación, se procede, do Manifesto do Consello Local da Muller con motivo do 25N – Día Internacional contra as Violencias Machistas.

4. Toma de coñecemento da subvención concedida pola Deputación Provincial ao abeiro do Plan + Provincia.

5. Aprobación, se procede, do expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos Nº 02/REC/2024, por importe de 27.549,04 €.

6. Aprobación, se procede, da mutación demanial das Escolas de Educación Infantil de Solobeira e Guillán, desafectandoas do servizo de educación.

7. Aprobación provisional, se procede, da modificación da Ordenanza Fiscal I.1, Reguladora do Imposto de Actividades Económicas.

8. Aprobación provisional, se procede, da modificación da Ordenanza Fiscal I.2 Reguladora do Imposto sobre Bens Inmóbles.

9. Aprobación provisional, se procede, da modificación da Ordenanza Fiscal I.3, Reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras.

10. Aprobación provisional, se procede, da modificación da Ordenanza Fiscal II.2, Reguladora da taxa polo subministro de auga potable a domicilio, así como dos prezos das acometidas, contadores e outros.

11. Aprobación provisional, se procede, da modificación da Ordenanza Fiscal II.5, Reguladora da taxa de depuración de augas residuais.

12. Aprobación provisional, se procede, da modificación da Ordenanza Fiscal II.6 Reguladora da taxa por expedición de documentos administrativos e outros servizos.

13. Aprobación provisional, se procede, da modificación da Ordenanza Fiscal II.10, Reguladora da taxa pola recollida e xestión dos residuos municipais.

14. Aprobación provisional, se procede, da modificación da Ordenanza IV.4 Fiscal Xeral.

15. Toma de coñecemento da solicitude de participación cidadá presentada por parte de asociacións ou entidades en relación con un punto da orde do día que lle afecte directamente e posterior intervención a través dun único representante das mesmas.

16. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal do PSdeG-PSOE instando á Xunta de Galicia a reforzar os recursos humanos no Centro de Educación Especial de Vilagarcía de Arousa.

17. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal do BNG, relativa á adquisición dunha parcela para a creación dun aparcamento público no pobo de Carril.

18. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal de EU solicitando o incremento de medios para a redución das listas de agarda nas valoracións de discapacidade.

19. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal do PP para instar ao Goberno Central a manter e reparar o Cuartel da Garda Civil de Vilagarcía.

20. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal do PP para instar ao Ministerio de Transportes e Mobilidade Sostible e a ADIF a que repoñan o Servizo ADIF acerca.

21. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal do PP para

instar ao Goberno de España a equiparar o tratamento fiscal e laboral das actividades do sector primario e inclusion do subsector da produción de Moluscos Bivalvos en parques de cultivo no réxime de estimación obxectiva do IRPF.

22. Interpelacións ou control das decisións do grupo de goberno.

23. Mocións presentadas polos grupos políticos municipais por razóns de urxencia.

24. Resposta dos/as concelleiros/as delegados/as ás preguntas formuladas no Pleno anterior.

25. Rogos e preguntas formuladas polos membros da Corporación Municipal.

26. Quenda de rogos e preguntas entre as persoas que asisten como público á sesión.

A sesión é gravada, imaxe e son, polos funcionarios municipais D. Juan Luis Núñez Tourís e D. Alberto Fandiño Mariño utilizando o sistema de videoactas ao que se poderá acceder a través da <http://sede.vilagarcia.gal>

Polo Sr. Alcalde indícase que a Corporación vai gardar un minuto de silencio polas vítimas da catástrofe (dana) que tivo lugar o día 29 de outubro, na Comunidade Autónoma de Valencia.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, ORDINARIA DE DATA 26 DE SETEMBRO DE 2024.

Polo Sr. Alcalde pregúntase se hai algunha proposta de rectificación da acta.

Non habendo ningunha proposta de rectificación queda aprobada por unanimidade dos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (21 de 21) a acta da sesión anterior de data 26 de setembro de 2024.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20241031&punto=1>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

2.- TOMA DE COÑECEMENTO DOS DECRETOS DA ALCALDÍA EMITIDOS NO MES DE SETEMBRO DE 2024: Pola Secretaria dáse conta ao Pleno da Corporación dos Decretos emitidos pola Alcaldía:

RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA:

1 Aprobación pregos Servizo Conciliatardes

2 Aprobación Plan de Seguridade e Saúde de obra

1 Autorización gasto para investimento parking disuasorio

2 Expte. Modificación de créditos por transferencia

3 Expte. Modificación de créditos por xeración

1 Recoñecemento de obriga certificación de obra

1 Recoñecemento de obriga relación de facturas

8 Licenza municipal animais potencialmente perigosos

2 Autorización festas ao aire libre

2 Recurso de reposición expediente sancionador de tráfico

7 Primeiras alegacións ordinario expediente sancionador de tráfico

3 Arquivo expediente sancionador de tráfico

3 Resolución sancionadora tráfico

1 Envío vehículos abandonados a centro autorizado de descontaminación

1 Anulación valores por falta de datos

1 Aboamento servizos xornada nocturna setembro

3 Nomeamento funcionario/a

1 Redución de haberes a empregado público

1 Pagamento Plan de Pensións

1 Nomeamento persoal eventual

7 Substitución posto de categoría superior

1 Excedencia por incompatibilidade funcionaria

2 Bases proceso de selección persoal
10 Estimatoria derivación subsidiaria
1 Estimatoria ICIO
1 Estimatoria fraccionamento
3 Estimatoria rateo IVTM
9 Estimatoria liquidacións e baixas
3 Estimatoria compensación de débedas
4 Estimatoria recibos
2 Estimatoria exención no IBI
2 Estimatoria cambio de xestión de ben inmovible
6 Estimatoria/desestimatoria IBI
1 Estimatoria bonificación IBI
12 Estimatoria beneficios fiscais no IVTM
9 Estimatoria pagos duplicados
3 Estimatoria IIVTNU
30 Estimatoria taxas e prezos públicos
5 Comisións bancarias
3 Pago prestamos bancarios
37 Orde de pago
26 Deber de conservación
1 Pago anuncio BOP ou DOG
15 Reposición da legalidade urbanística
6 Arquivo orde de execución
1 Sancionador actividades
1 Corrección erro pago anuncio
57 Comunicación previa obras menores
11 Licenzas de obra menor
1 Corrección erro licenza de obra maior
4 Licenzas de obra maior

TOTAL: 319

O Concello Pleno queda sabedor.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20241031&punto=2>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

A seguir polo Sr. Alcalde alterase a orde do día do pleno, pasando a tratar a continuación, os asuntos que figuran cos números 15 e 16 da Orde do Día do Pleno (Participación cidadá e Moción do Grupo Político Municipal do PSdeG-PSOE instando á Xunta de Galicia a reforzar os recursos humanos no Centro de Educación Especial de Vilagarcía de Arousa).

15.- TOMA DE COÑECEMENTO DA SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ PRESENTADA POR PARTE DE ASOCIACIÓNS OU ENTIDADES EN RELACIÓN CON UN PUNTO DA ORDE DO DÍA QUE LLE AFECTE DIRECTAMENTE E POSTERIOR INTERVENCIÓN A TRAVÉS DUN ÚNICO REPRESENTANTE DAS MESMAS.:

Dáse conta do disposto no ARTIGO 23.- do Regulamento Orgánico do Pleno:

Cando algunha das asociacións ou entidades, ás que se refire o artigo 72 da Lei 7/1985, de 2 de abril, desexen facer unha exposición ante o pleno, en relación con algún punto da orde do día que lle afecte directamente, deberá solicitalo á alcaldía mediante escrito presentado no rexistro do concello, un día antes da celebración da sesión plenaria. Coa autorización da alcaldía, e a través dun único representante, poderá intervir durante o tempo que a alcaldía lle conceda, con anterioridade á lectura, debate e votación da proposta incluída na orde do día.

Aqueles asuntos onde estean previstas as intervencións de asociacións ou entidades poderán ser tratados con carácter preferente aos restantes asuntos incluídos na orde do día da correspondente sesión plenaria.

Está presentada a seguinte solicitude de participación cidadá:

- Dona Concepción Ventoso, Presidenta da ANPA do Centro de Educación Especial, en relación coa moción presentada polo grupo político municipal do PSdeG-PSOE instando á Xunta de Galicia a reforzar os recursos humanos no Centro de Educación Especial de Vilagarcía de Arousa.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20241031&punto=15>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

16.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO PSDEG-PSOE INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A REFORZAR OS RECURSOS HUMANOS NO CENTRO DE EDUCACIÓN ESPECIAL DE VILAGARCÍA DE AROUSA.- Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Servizos Sociais e Igualdade, de data 28 de outubro de 2024, do seguinte teor:

Dáse conta de moción presentada polo Grupo Político Municipal do PSdeG-PSOE coa data de 23 de outubro de 2024, do seguinte teor:

MOCIÓN INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A REFORZAR OS RECURSOS HUMANOS NO CENTRO DE EDUCACIÓN ESPECIAL DE VILAGARCÍA DE AROUSA

Tania García Sanmartín, na súa condición de voceira do Grupo Municipal Socialista no Concello de Vilagarcía de Arousa comparece e como mellor en dereito proceda DI:

Ao abeiro do disposto nos artigos 97 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, Lei de Administración Local de Galicia, 91,4 e 97 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e 46.2 da Lei 11/1999, do 21 de abril, Lei de modificación da Lei Reguladora de Bases do Réxime Local e outras medidas, presenta á consideración do Pleno da Corporación Municipal a seguinte moción:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Vilagarcía de Arousa conta cun centro de educación especial que realiza unha gran labor formativa que axuda aos rapaces e rapazas a acadar a inclusión en tódolos ámbitos, acadar a máxima autonomía e fomentar a comunicación como dereito fundamental. Todo isto é posible polo magnífico traballo que realiza o equipo de traballadoras e traballadores públicos do centro co alumnado e apoiando ás familias.

Nos últimos seis anos o centro experimentou un notable incremento de alumnos e alumnas, pasando no ano 2018 de 30 a 62 no presente curso. Máis preocupante é a falta de recursos humanos para poder dar o servizo que o alumnado precisa. Se no 2018, para 30 matrículas existían 6 prazas de coidadores, no 2024, para 62 teñen 7. Uns recursos evidentemente ínfimos ao que lles corresponde.

Á falta de recursos profesionais tamén se suman a merma da praza de enfermería da que gozaban a tempo completo, sendo nestes momentos a tempo parcial. Estamos a falar de servizos fundamentais para persoas con necesidades específicas e especiais que deben ser cubertas como merecen.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Municipal socialista somete á consideración do Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:

1. Instar á Xunta de Galicia a incrementar de forma urxente unha praza de mestre/a de pedagogía terapéutica, dúas prazas de coidadores ao alumnado e unha praza de enfermería a tempo completo.

Vilagarcía de Arousa, 23 de outubro de 2024

Tania García Sanmartín

Voceira do Grupo municipal do PSdeG-PSOE

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PSdeG-PSOE e EU informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PP e BNG din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo político municipal do PSdeG-PSOE instando á Xunta de Galicia a reforzar os recursos humanos no Centro de Educación Especial de Vilagarcía de Arousa.

- Intervén Dona Concepción Ventoso, Presidenta da ANPA do Centro de Educación Especial expoñendo as necesidades de persoal do Centro de Educación Especial de Vilagarcía de Arousa.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (21 de 21)

ACÓRDASE: aprobar a moción presentada polo grupo político municipal do PSdeG-PSOE e:

1. Instar á Xunta de Galicia a incrementar de forma urxente no Centro de Educación Especial de Vilagarcía de Arousa, unha praza de mestre/a de pedagogía terapéutica, dúas prazas de coidadores ao alumnado e unha praza de enfermería a tempo completo.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20241031&punto=16>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

3.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO MANIFESTO DO CONSELLO LOCAL DA MULLER CON MOTIVO DO 25N – DÍA INTERNACIONAL CONTRA AS VIOLENCIAS MACHISTAS. Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Servizos Sociais e Igualdade, de data 28 de outubro de 2024, do seguinte teor:

Dáse conta do Manifesto do Consello Local da Muller, do seguinte teor:

MANIFESTO CONTRA AS VIOLENCIAS MACHISTAS – CONSELLO LOCAL DA MULLER /25N - 2024

Outro 25 de novembro máis, dende o Consello Local da Muller vémonos na obriga de saír á rúa para berrar: BASTA XA DE VIOLENCIAS MACHISTAS!

Hoxe estamos aquí para alzar a nosa voz polas que non están e loitar contra a impunidade da violencia machista. Pero tamén polas que están, por todas nós, para que non nos falte ningunha máis!

As mulleres do Consello Local aprendemos, moitas de nós da man do feminismo, a non quedar caladas. Non somos nin seremos cómplices deste silencio patriarcal que é o responsable de 76 feminicidios cometidos no Estado español no que vai de ano.

Pero iso non é todo. Tan só en Galicia, xa son máis de 4 100 mulleres as que tiveron que solicitar protección este ano. 4 100 mulleres violentadas, que están temendo pola súa vida e pola das súas crianzas. Mulleres que ven truncados os seus proxectos de vida ante a ameaza da violencia machista.

Con estes datos terribles temos que soportar que dende algunhas administracións se promovan campañas de negación da violencia de xénero, campañas que cousifican e culpabilizan ás mulleres e poñen o foco nas vítimas en lugar dos agresores. Temos que soportar sentenzas que esquecen e desprotexen as vítimas, en ocasións menores, agredidas e prostituídas, ao enviar unha mensaxe de impunidade para os agresores e de desconfianza na xustiza e na eficacia das denuncias para as mulleres. Campañas que o que fan é fomentar o medo e a inseguridade á hora de recorrer ás institucións na defensa e protección dos nosos dereitos.

Aínda que o asasinato é a maior das expresións desta violencia, hoxe estamos aquí para seguir loitando pola eliminación de TODAS as formas de violencia contra as mulleres.

A violencia é explotación sexual, é explotación reprodutiva, é violencia económica, psicolóxica, verbal, estrutural, simbólica, obstétrica, e tantas outras expresións que lamentablemente existen da violencia contra nós. Porque as mulleres temos dereito a vivir unha vida segura, libre de violencias machistas!

Estamos vivindo unha recrudescencia da violencia de xénero que, lonxe de desaparecer, se está reproducindo día a día, conquistando novos espazos e reinventando novas formas de exercer a súa misoxinia. Expresións dunha mesma estrutura patriarcal que nos oprime a TODAS.

Estamos fartas de escoitar os mesmos discursos unha e outra vez.

Estamos fartas de escoitar que “a pobreza ten cara de muller” e de como a fenda salarial segue sendo unha realidade. A violencia económica, a pobreza de tempo das mulleres e a feminización da pobreza son todas expresións dun sistema que reproduce e perpetúa as desigualdades de xénero.

As mulleres podemos acceder ao mundo laboral e a máis postos de responsabilidade. Si. Pero a economía dos coidados segue recaendo sobre as nosas costas. O desmantelamento do Estado do benestar que avanza a paso firme ten como primeiras vítimas a todas as mulleres, que son as que se ven obrigadas a suplir os servizos que o Estado deixa de ofrecer.

Expresamos hoxe aquí a nosa solidariedade coas compañeiras do Servizo de Axuda no Fogar na súa loita por unhas condicións dignas de traballo.

Non nos deixemos cegar polo veo da igualdade. As mulleres nos Estados formalmente igualitarios vivimos nun simulacro democrático de igualdade, pero a igualdade real e efectiva está lonxe de acadarse.

Estamos fartas de que as crises se carguen sobre as nosas costas. Fartas de estar esgotadas pola dobre e tripla xornada laboral. E do noso esgotamento nace a nosa forza: somos imparables!

Queremos chamar á alerta tamén sobre a violencia dixital exercida a través das redes sociais sobre as rapazas máis novas. A forma en que se están utilizando as novas tecnoloxías está xerando novos espazos de reprodución das violencias machistas nas que socializan os rapaces e rapazas, que reproducen e normalizan comportamentos de acoso e control patriarcal. O cyberbullying, grooming, sexting, así como o acceso e consumo de pornografía entre menores de idade, e tantas outras formas de reprodución do machismo.

Unha das violencias normalizadas no noso día a día e que sofren as mulleres, facendo maior incidencia na mocidade, é a violencia estética. A violencia estética é a presión social por acadar un canon de beleza, o que xera un impacto negativo na nosa saúde física e mental.

Nunha sociedade na que as esixencias cara ao noso corpo son cada vez maiores, na que as redes sociais minan a nosa autoestima con patróns ficticios, querer-se é un acto político. Cantas empresas quebrarían se mañá comezásemos a mirarnos dende o amor e o respecto? Seguimos a ser un negocio para unha industria que alimenta as desigualdades e nútrese dun patriarcado que intenta dominar os nosos corpos.

Vivimos nunha sociedade que normaliza as violencias dende distintos ámbitos, na que o consumo da pornografía mainstream está a amosarlles ás xeracións máis mozas unha cultura da violación que despois se plasma nas relacións cotiás reproducindo comportamentos violentos e machistas.

Aínda que son moitos os avances en materia de igualdade, é certo que levamos notando un retroceso dende anos atrás. Unha vaga ideolóxica amparada institucionalmente con discursos negacionistas que cuestionan as políticas públicas. As cifras son devastadoras: 1 de cada 5 homes mozos considera que a violencia de xénero non existe e cren que é un invento ideolóxico.

Necesitamos educar en igualdade, e para iso é preciso contar cun sistema de educación pública e de calidade, con perspectiva de xénero nas aulas. Tamén os medios de comunicación deben asumir a súa responsabilidade de comunicar con enfoque de xénero

Ante esta situación, debemos posicionarnos publicamente, porque a túa suposta neutralidade é a que nos oprime e non nos deixa desenvolvernos en liberdade.

Queremos reivindicar a necesidade dunha educación feminista que dote as crianzas de ferramentas que lles permitan identificar as diferentes formas de opresión, e así poder traballar para combatelas e erradicalas, dende o colectivo e cara ao futuro. A educación ten que ser a

máis frutífera semente de igualdade.

Preocúpanos a falta de cumprimento da normativa que xira arredor da igualdade no eido educativo, tanto no ámbito laboral coma nos centros de ensino.

As institucións teñen que deixar de ser espazos de reprodución da violencia estrutural e converterse en espazos seguros para as mulleres. O sistema de xustiza ten que darlles garantías ás mulleres para que denuncien as agresións machistas. A revitimización dos procesos xudiciais, o escrutinio social e a dilación dos procesos fan que moitas vítimas decidan non denunciar agresións machistas. É urxente incorporar dunha vez por todas o enfoque de xénero no ámbito xudicial, establecendo protocolos que permitan ofrecer unha asistencia humana e unha protección real ás vítimas. A aplicación machista das leis por parte deste sistema de xustiza patriarcal nunca será xusta!

Non nos esquecemos das crianzas. Dende 2013, cando se comezaron a contabilizar no Estado español as cifras da coñecida como violencia vicaria, rexistráronse máis de 40 nenos e nenas asasinadas polos seus pais biolóxicos, parellas ou exparellas das súas nais, co único obxectivo de torturar as mulleres. Esta expresión extrema da violencia de xénero ten que parar. BASTA XA! Grazas a todas as nosas predecesoras que loitaron día a día para que hoxe poidamos estar aquí. Grazas a todo o movemento feminista que, día a día, segue a loitar por unha igualdade real e que non permite dar nin un paso atrás. Grazas a todas as persoas aliadas que non permiten eses comentarios ou chistes sexistas, que se posicionan ante as violencias machistas.

Porque un ano máis non estamos todas, faltan as asasinadas.

Porque xa basta de minutos de silencio.

Porque queremos visibilizar estas violencias que sufrimos a diario.

Porque non se trata de aceptar as cousas que non podemos cambiar, IMOS cambiar as cousas que non podemos aceptar.

Porque a igualdade só será efectiva cando todas as mulleres teñamos todos os dereitos.

Por todo isto, dende o Consello Local da Muller solicitámoslle ao Pleno do Concello que apoie este Manifesto traballando para facer realidade as propostas que nel se fan no eido do local e que se sume a participar na súa lectura no acto do vindeiro 25 de novembro ás 12.00 h

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PSdeG-PSOE, BNG e EU informan favorablemente.

As persoas representantes do grupo político municipal do PP din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación do Manifesto do Consello Local da Muller con motivo do 25N-Día Internacional contra as Violencias Machistas.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (21 de 21)

ACÓRDASE: aprobar o Manifesto do Consello Local da Muller con motivo do 25N - Día internacional contra as violencias machistas transcrito anteriormente.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20241031&punto=3>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

4.- TOMA DE COÑECEMENTO DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL AO ABEIRO DO PLAN + PROVINCIA.- Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Urbanismo e Mobilidade, de data 28 de outubro de 2024, do seguinte teor:

Dáse conta da seguinte subvención concedida:

Denominación	Liña	Importe	Subvención solicitada á Deputación Provincial	Achega do Concello de Vilagarcía e outras axudas	Data do acordo da Xunta de Goberno Local solicitando a subvención ao POS22/23	Data de Concesión da Subvención
Humanización e mellora de accesibilidade na Rúa Conde Vallellano. CT 34/2024-e	1	632.220,04 €	100%	0,00	25/03/2024	XG: 27/09/2024

A Comisión queda sabedora.

O Concello Pleno queda sabedor.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:
<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20241031&punto=4>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

5.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO EXPEDIENTE DE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS Nº 02/REC/2024, POR IMPORTE DE 27.549,04 €.- Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas, de data 28 de outubro de 2024, do seguinte teor:

Dáse conta da memoria da Alcaldía do seguinte teor:

MEMORIA DA ALCALDIA

De conformidade co establecido nos Artigos 26.2.C e 60.2 do Real Decreto 500/90, de 20 de abril, poderán aplicarse ós créditos do presuposto vixente as obrigas procedentes de exercicios anteriores, previo recoñecemento extraxudicial de créditos polo Pleno Municipal.

Existen gastos procedentes de exercicios pechados que se encontran nas seguintes situacións:

1.- Nº: F/2024/122 cun importe de 1.668,62€: inclúe xustificantes de gasto con rexistro contable no exercicio 2024 que corresponden a contratos menores de subministro de produtos alimenticios e de hixiene para o albergue de transeúntes aberto con motivo do COVID no ano 2020, que foron recibidos no exercicio 2024.

2.- Nº F/2024/123 cun importe de 25.880,42€: comprende xustificantes con rexistro contable no exercicio 2024 que corresponden aos seguintes gastos:

a. Solicitud da empresa Espina y Delfín, S.L. de reclamación da cantidade correspondente ao Canon de auga e vertedura do ano 2022 das instalacións municipais, por importe de 14.134,71€, con entrada no Rexistro Xeral do Concello o 16/02/2024.

b. Factura con nº de rexistro F/2024/4108 da Confraría de Pescadores Santiago Apóstol de Carril pola compra da ameixa para a festa da Ameixa de Carril 2023 por importe de 3.000,00€, presentada no portal de rexistro electrónico de facturas o 18/06/2024.

c. Factura con nº de rexistro F/2024/9163 da empresa Espina y Delfín, S.L. pola bonificacións aplicadas nos recibos do 3º trimestre de 2022, presentada no portal de rexistro electrónico de facturas o 01/12/2023.

d. Factura con nº de rexistro F/2024/7276 a Asociación de Entidades Locais pola Lingua Galega pola cota ordinaria correspondente ao Ano 2023, cun importe de 5.000,00€, presentada na Intervención municipal o 15/10/2024

e. Axuda ao Plan Madrugada do curso 2022/2023 a favor da ANPA COLEXIO O PIÑEIRIÑO, por importe de 757,50€.

Visto que no orzamento vixente existe crédito suficiente ben nas aplicacións orzamentarias ben a nivel de bolsa de vinculación, nos termos indicados nas relacións de facturas anexas á providencia de alcaldía por importe de 27.549,04 €.

Vistos os informes favorables á viabilidade orzamentaria emitidos polos órganos xestores responsables dos programas de gasto implicados no presente expediente.

Tendo en conta que esta alcaldía considera preceptivo proceder ao recoñecemento extraxudicial de créditos co fin de evitar o enriquecemento inxusto da Administración dado que se trata de

servizos e subministracións efectivamente realizados en aras a evitar un prexuízo para os provedores, contratistas e demais acredores o tempo que se contribúe a acadar os obxectivos fiscais de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira marcados na LOEOSF 2/2012.

Logo de ver o Informe de Intervención, INT/2024/295 no que se manifesta a necesidade dun acordo plenario para aprobar o recoñecemento extraxudicial de créditos N° 02/REC/2024 por importe de 27.549,04 € con cargo ás aplicacións orzamentarias especificadas nas relacións anexas á providencia de alcaldía, esta Alcaldía-Presidencia, somete á aprobación da Corporación Municipal, o seguinte acordo:

Aprobar o expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos N° 02/REC/2024, das facturas e xustificantes comprendidos nas relación de N° F/2024/122 e F/2024/123 anexas á providencia de alcaldía, por un importe global de 27.549,04 €, con cargo ás aplicacións orzamentarias do Orzamento do exercicio 2024 a favor dos acredores e contías individualizadas que figuran na citada relación e no Informe de Intervención.

Vilagarcía de Arousa, na data da sinatura dixital

O ALCALDE

Alberto Varela Paz

Sinatura dixitalizada

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo político municipal do PSdeG-PSOE informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PP, BNG e EU din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación do expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos N° 02/REC/2024, por importe de 27.549,04 €.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (21 de 21)

ACÓRDASE: aprobar o expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos N° 02/REC/2024, das facturas e xustificantes comprendidos nas relación de N° F/2024/122 e F/2024/123 anexas á providencia de alcaldía, por un importe global de 27.549,04 €, con cargo ás aplicacións orzamentarias do Orzamento do exercicio 2024 a favor dos acredores e contías individualizadas que figuran na citada relación e no Informe de Intervención.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20241031&punto=5>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

6.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MUTACIÓN DEMANIAL DAS ESCOLAS DE EDUCACIÓN INFANTIL DE SOLOBEIRA E GUILLÁN, DESAFECTÁNDOAS DO SERVIZO DE EDUCACIÓN.

Polo Sr. Alcalde retirase o asunto da orde do día da presente sesión plenaria.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20241031&punto=6>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

Polo Sr. Alcalde indícase que se vai a realizar un debate conxunto dos asuntos relativos á aprobación provisional das Ordenanzas Fiscais, fixando 8 minutos para a primeira intervención e 4 para a segunda, realizando a votación por separado para cada unha das Ordenanzas Fiscais.

7.- APROBACIÓN PROVISIONAL, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL I.1, REGULADORA DO IMPOSTO DE ACTIVIDADES ECONÓMICAS..- Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas, de data 28 de outubro de 2024, do seguinte teor:

Dáse conta da Memoria da Alcaldía, do seguinte teor:

MEMORIA DE ALCALDÍA

Vista a proposta da Sra. Concelleira de Economía e Facenda, e ó obxecto de dar cumprimento ó disposto nos artigos 15 e seguintes do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e demais disposicións concordantes, esta Alcaldía-Presidencia redacta a presente Memoria que integrará o expediente de modificación da Ordenanza Fiscal, Nº II.1 Reguladora do IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS.

O artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, establece que as Entidades locais terán autonomía para establecer e esixir tributos de acordo co previsto na lexislación do Estado reguladora das Facendas locais e nas Leis que diten as Comunidades Autónomas nos supostos expresamente previstos naquela. E que a potestade regulamentaria das Entidades locais en materia tributaria exercerase a través de Ordenanzas fiscais reguladoras dos seus tributos propios e de Ordenanzas xerais de xestión, recadación e inspección. As Corporacións locais poderán emanar disposicións interpretativas e aclaratorias das mesmas.

Pola súa banda, o art. 59 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, dispón que os concellos esixirán, de acordo con esta lei e as disposicións que a desenvolven, os seguintes impostos: a) Imposto sobre Bens Inmóveis, b) Imposto sobre Actividades Económicas e c) Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica.

O artigo 87 do mesmo texto establece que sobre as cotas modificadas pola aplicación do coeficiente de ponderación previsto no artigo anterior, os concellos poderán establecer unha escala de coeficientes que pondere a situación física do local dentro de cada termo municipal, atendendo á categoría da rúa en que radique, e que o devandito coeficiente non poderá ser inferior a 0,4 nin superior a 3,8.

O Concello de Vilagarcía de Arousa conta na actualidade coa Ordenanza Fiscal Nº II.1 Reguladora do Imposto sobre actividades económicas. A ordenanza establece no artigo 4.6 unha bonificación do 10% sobre o importe da inversión efectuada en inversión de enerxías renovables. A multiplicidade de procesos presentes nas actividades de captación, transformación e uso da enerxía ten unha incidencia significativa sobre o medio ambiente, tanto cualitativa como cuantitativamente. Xunto ao propio efecto de esgotamento dos recursos non renovables, de complexa avaliación, o abanico de impactos resulta amplo e diverso.

Os impactos de ámbito global ou rexional refírense principalmente á contaminación do medio ambiente atmosférico. Outros efectos mediambientais, aínda que de carácter local non por iso menos relevantes, como a contaminación acústica, a de chans ou ríos circundantes, a ocupación de terreos, o impacto paisaxístico ou a posible alteración da flora e a fauna, poden tamén estar asociados ás instalacións de produción enerxética.

Neste contexto, as denominadas tecnoloxías renovables representan en xeral e pola súa propia natureza, unha opción vantaxosa.

Aos efectos de contribuír ao fomento do desenvolvemento destas enerxías renovables considérase conveniente o incremento da bonificación prevista na ordenanza fiscal.

As modificacións propostas son as seguintes:

- Art. 3: INDICES DE SITUACION: modificar o índice establecido para as rúas de 1ª a 3ª categoría, pasando do 1,7 ao 2,1.

- Art. 4.6 Incremento da bonificación por fomento de emprego, pasando do 10% actual ó 25%, co que a primeira parte do primeiro parágrafo do artigo 4.6 quedará redactado do seguinte xeito:

Establécese unha bonificación do 25% sobre o importe da inversión efectuada en inversión de enerxías renovables, e aplicarase á cota tributaria anual do exercicio fiscal seguinte á aquel no que se finalice a instalación, co límite máximo do 50% da cota municipal.

Ditas modificacións deben ser informadas pola Comisión Informativa de Economía Facenda e Especial de Contas, para a súa posterior aprobación polo Pleno Municipal.

Vilagarcía de Arousa, na data da sinatura electrónica
O Alcalde
Alberto Varela Paz

Dáse conta dos informes que constan no expediente.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo político municipal do PSdeG-PSOE informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PP, BNG e EU din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación provisional da modificación da Ordenanza Fiscal I.1. Reguladora do Imposto de Actividades Económicas.

Dáse conta da emenda presentada polo grupo político municipal do PP, seguinte:

Os concelleiros integrantes do Grupo Municipal Popular, ao amparo do establecido no artigo 10.6 do Regulamento de Organización, Funcionamento do Concello de Vilagarcía de Arousa, formulan, a seguinte EMENDA en relación á proposta da modificación da Ordenanza Fiscal I.1, Reguladora do Imposto de Actividades Económicas da modificación da Ordenanza Fiscal I.1, Reguladora do Imposto de Actividades Económicas.

Artigo 3.- Manter os índices de situación actuais.

Artigo 4. 5. Os suxeitos pasivos que tributen por cota municipal e incrementen alomenos un 10%, o promedio da súa plantilla de traballadores con contrato indefinido, durante o período impositivo inmediato anterior, ou de aplicación, (os traballadores deberán estar empadroados no termo municipal de Vilagarcía), terán unha bonificación do 50% na cota do imposto para o exercicio para o que se solicite e un 25% se o incremento é inferior ao 10% da plantilla sempre que a contratación indefinida acade un mínimo de 2 traballadores/as pertencentes aos seguintes colectivos:

- Parados cunha antigüidade mínima de un/dous anos en situación de desemprego rexistrado nas oficinas públicas de Emprego de Galicia.
- Maiores de 50 anos con baixa cualificación.
- Mozos/as menores de 30 anos.
- Persoas con discapacidade igual ou maior de 33%.

Para os anos seguintes, ata completar o máximo de 5, a bonificación será do 5% da cota. A aplicación da bonificación correspondente aos exercicios segundo e posteriores requirirá que o interesado acredite o mantemento da plantilla que deu lugar á bonificación mediante a presentación da vida laboral do código de conta de cotización da empresa que lle corresponde ás persoas contratadas que determinaron a bonificación.

XUSTIFICACIÓN:

Manter o índice de situación e fomento de empregabilidade de persoas paradas de longa duración o con difícil acceso ao mercado laboral.

Polo Grupo Político Municipal do PSdeG-PSOE, non se acepta a emenda presentada:

Na Sesión Plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde, sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con doce votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PSdeG-PSOE (9), BNG (2) e EU (1), e nove votos en contra dos/as Concelleiros/as pertencentes ao grupo político municipal do PP (9)

ACÓRDASE Por maioría:

PRIMEIRO: Aprobar provisionalmente a modificación proposta da Ordenanza Fiscal I.1 Reguladora do Imposto de Actividades Económicas.

SEGUNDO.- Expoñer ao público o acordo aprobado provisionalmente no Taboeiro de Editos do Concello, durante o prazo de 30 días hábiles, así como publicar o anuncio de exposición ao

público durante dito prazo no BOP e nun dos diarios de maior difusión da provincia, co fin de que por todos os interesados se presenten as alegacións e as reclamacións que teñan por conveniente.

Asemade, faise constar expresamente que, se durante o prazo de exposición ao público non se presentasen reclamacións contra a aprobación inicial destas modificacións, elevarase a definitivo o acordo provisional sen necesidade de adopción de novo acordo do Pleno Municipal que así o declare.

TERCEIRO.- Os acordos de aprobación definitiva, incluídos os provisionais elevados automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro da ordenanza, haberán de ser publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, e serán de aplicación a partir do día seguinte ao da súa publicación.

Así mesmo estarán a disposición dos interesados na Sede Electrónica deste Concello.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20241031&punto=7>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

8.- APROBACIÓN PROVISIONAL, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL I.2 REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES - Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas, de data 28 de outubro de 2024, do seguinte teor:

Dáse conta da proposta da Alcaldía, do seguinte teor:

PROPOSTA DA ALCALDÍA

Asunto: Proposta de modificación da Ordenanza nº I.2 reguladora do Imposto sobre bens inmobles.

O Concello de Vilagarcía conta na actualidade coa Ordenanza Fiscal Nº I.2 reguladora do Imposto sobre bens inmobles, en aplicación do artigo 77 da Lei reguladora das Facendas Locais, aprobada polo Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, que atribúe a liquidación e recadación, así como a revisión dos actos ditados en vía de xestión tributaria deste imposto, serán competencia exclusiva dos concellos.

Por parte da Concelleira de Economía e Facenda propóñense modificacións no tipo de gravame dos BICES, así como nos requisitos esixidos nas bonificacións establecidas para os suxeitos pasivos titulares de familias numerosas e nos inmobles de uso residencial nos que se instalen sistemas para o aproveitamento térmico ou eléctrico da enerxía provinte do sol.

Vistos os informes favorables de Tesourería e Secretaría, propoño que pola Comisión Informativa de Economía Facenda e Especial de Contas se ditamine favorablemente, así como a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar provisionalmente a modificación dos seguintes artigos da Ordenanza Fiscal Nº I.2 reguladora do Imposto sobre bens inmobles, nos seguintes termos:

O artigo 2 quedaría redactado do seguinte modo:

“ O tipo de gravame do Imposto sobre Bens Inmobles, queda fixado nos termos seguintes:

BENS URBÁNS.....0,51%

BENS RÚSTICOS.....0,54%

BICES.....0,96%”

O artigo 3.1.3 quedaría redactado do seguinte modo:

“Terán dereito a unha bonificación do 90% da cota íntegra do imposto os suxeitos pasivos (pai, nai ou titor) empadroados no Concello de Vilagarcía de Arousa, titulares de FAMILIA NUMEROSA, relativa á vivenda que constituía a residencia habitual da familia, sempre e cando se cumpran coas seguintes condicións:

1. Contar con ingresos netos per cápita mensuais (rateo anual), no exercicio da solicitude, inferiores ao 80% do IPREM mensual establecido para dito exercicio.

2. Que non dispoñan de máis bens ou propiedades urbanas de pleno dominio en porcentaxe superior ao 20% que a súa residencia habitual (exclúese a condición de que sexa de protección oficial).
3. Non ter débedas coa facenda municipal.

Esta bonificación, que se concederá para cada exercicio, deberá solicitarse polos suxeitos pasivos antes do 1 de xaneiro do exercicio en que deba fornecer efectos, achegando os seguintes documentos, referidos a todos os membros da unidade familiar:

A solicitar no Concello:

- Certificado de convivencia da unidade familiar.
- Certificado de bens, expedido por Facenda (punto PIC oficina de Rendas).
- Certificado de non ter débedas co Concello.

A solicitar na Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT):.

- Última declaración de IRPF dos integrantes da familia.
- Certificación negativa da AEAT, no caso de que existan membros que non declaran por IRPF.

A solicitar no Instituto Nacional da Seguridade Social (INSS):

- Certificado positivo/negativo da pensión ou prestación que se estea recibindo (de tódolos membros da unidade familiar).
- Vida laboral de tódolos membros da unidade familiar.

A solicitar no Instituto Nacional de Emprego (INEM):

- Certificado de prestacións (positivo/negativo) (de todos los membros da unidade familiar).

Outra documentación a achegar:

- DNI de tódolos los membros da unidade familiar.
- Ingresos actuais no caso de persoas pertencentes á unidade de convivencia que non teñan a obriga de facer a declaración do IRPF: nóminas dos últimos tres meses das persoas que traballen, rendementos do capital mobiliario, rendementos de actividades económicas, réximes especiais, prestacións ou pensións percibidas, así como ganancias e perdas patrimoniais.
- Título de familia numerosa vixente a 1 de xaneiro do exercicio en que deba de producir efectos a bonificación.

Cando exista máis dun suxeito pasivo como titular da vivenda habitual, a bonificación será aplicable ao titular do recibo. No caso de división do mesmo, a bonificación aplicarase sobre a porcentaxe do dereito que corresponda aos suxeitos pasivos incluídos no título de familia numerosa. Con todo, nos casos de nulidade, separación ou divorcio matrimonial a bonificación aplicarase sobre a totalidade da porcentaxe que corresponda a ambos cónxuxes, con independencia de cal deles se atope incluído no devandito título.

Para a determinación dos ingresos netos per cápita, aos exclusivos efectos desta bonificación, dividiranse os ingresos netos totais (tanto os computables a efectos do IRPF como os non computables a efectos do citado imposto, como pensións de incapacidade, ingreso mínimo vital, e similares) que perciban todos os membros da familia, entre o número daqueles.

No caso de persoas que non estean obrigadas a declarar no IRPF, se terá en conta a suma dos rendementos do traballo, rendementos do capital mobiliario, rendementos de actividades económicas, réximes especiais, prestacións ou pensións percibidas, así como ganancias e perdas patrimoniais.

Nos casos excepcionais (por razón de minusvalía) de familias numerosas con dous fillos, computaranse tres fillos en lugar de dous a efectos do cálculo do rendimento neto per cápita.

As solicitudes deberán ser informadas polos Servizos Sociais do Concello”.

O artigo 3.1.3 quedaría redactado do seguinte modo:

“Terán dereito a unha bonificación do 50% da cota íntegra do imposto os inmobles de uso residencial nos que se instalen sistemas para o APROVEITAMENTO TÉRMICO OU ELÉCTRICO

da enerxía provinte do sol sempre que cumpran os seguintes requisitos:

1. Que as instalacións contén co título habilitante urbanístico correspondente (licenza/declaración responsable/comunicación previa).
2. Que as instalacións para a produción de calor inclúan colectores/módulos homologados pola administración competente.

No caso de inmobles suxeitos ao réxime de propiedade horizontal que realicen unha instalación compartida para subministrar enerxía a todos ou algún deles, só poderán beneficiarse da bonificación os inmobles vinculados á instalación.

O importe da bonificación anual non poderá exceder, para cada inmovible e exercicio, do 50% do custe da execución material da instalación ou ben do 50% do custe da execución material repercutida a cada propietario no caso de inmobles suxeitos a división horizontal.

Nos dous casos anteriores, en cómputo global, o importe da bonificación concedida durante os tres exercicios non poderá superar o 95% do custe de execución material da instalación.

A bonificación prevista neste apartado terá carácter rogado e a solicitude deberá acompañarse da seguinte documentación:

- Certificado de instalación eléctrica (CIE).
- Título habilitante para a realización da obra (licenza/declaración responsable/comunicación previa).
- Certificado de final de obra.

Esta bonificación será de aplicación durante os tres exercicios seguintes a aquel no que se realice a instalación dos sistemas para o aproveitamento térmico ou eléctrico da enerxía provinte do sol. Fornecerá efectos, no seu caso, para o período impositivo seguinte a aquel no que se solicite.

Esta bonificación terá carácter rogado e producirá efecto desde o período impositivo seguinte a aquel en que se solicite, sempre e cando se acredite o cumprimento dos requisitos esixidos para o seu outorgamento. Poderá solicitarse en calquera momento anterior á terminación do período de duración da mesma e non terá carácter retroactivo.

A bonificación non será de aplicación cando a instalación do sistema de aproveitamento da enerxía solar sexa obrigatoria consonte a normativa específica na materia”.

SEGUNDO.- Expoñer ao público o texto aprobado provisionalmente da Ordenanza Fiscal Nº I.2 reguladora do Imposto sobre bens inmobles no Taboleiro de Edictos do Concello, durante o prazo de 30 días hábiles, así como publicar o anuncio de exposición ao público durante dito prazo no BOP e nun dos diarios de maior difusión da provincia, co fin de que por todos os interesados se presenten as alegacións e as reclamacións que teñan por conveniente.

Asemade, faise constar expresamente que, se durante o prazo de exposición ao público non se presentasen reclamacións contra a aprobación inicial obxecto da proposta, elevarase a definitivo o acordo provisional sen necesidade de adopción de novo acordo do Pleno Municipal que así o declare.

TERCEIRO.- O acordos de aprobación definitiva, incluído o provisional elevado automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro da Ordenanza, haberán de ser publicados no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, e serán de aplicación a partir do día seguinte ao da súa publicación.

Vilagarcía de Arousa, na data da sinatura electrónica

O Alcalde

Alberto Varela Paz

Dáse conta dos informes que constan no expediente.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo político municipal do PSdeG-PSOE informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PP, BNG e EU din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación provisional da

modificación da Ordenanza Fiscal I.2 Reguladora do Imposto sobre Bens Inmóbles.

Na Sesión Plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde, sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con once votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PSdeG-PSOE (9) e BNG (2), unha abstención do Concelleiro pertencente ao grupo político municipal de EU (1), e nove votos en contra dos/as Concelleiros/as pertencentes ao grupo político municipal do PP (9)

ACÓRDASE Por maioría:

PRIMEIRO: Aprobar provisionalmente a modificación proposta da Ordenanza Fiscal I.2 Reguladora do Imposto sobre Bens Inmóbles.

SEGUNDO.- Expoñer ao público o acordo aprobado provisionalmente no Taboeiro de Editos do Concello, durante o prazo de 30 días hábiles, así como publicar o anuncio de exposición ao público durante dito prazo no BOP e nun dos diarios de maior difusión da provincia, co fin de que por todos os interesados se presenten as alegacións e as reclamacións que teñan por conveniente.

Asemade, faise constar expresamente que, se durante o prazo de exposición ao público non se presentasen reclamacións contra a aprobación inicial destas modificacións, elevarase a definitivo o acordo provisional sen necesidade de adopción de novo acordo do Pleno Municipal que así o declare.

TERCEIRO.- Os acordos de aprobación definitiva, incluídos os provisionais elevados automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro da ordenanza, haberán de ser publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, e serán de aplicación a partir do día seguinte ao da súa publicación.

Así mesmo estarán a disposición dos interesados na Sede Electrónica deste Concello.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20241031&punto=8>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

9.- APROBACIÓN PROVISIONAL, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL I.3, REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCCIÓNS, INSTALACIÓN E OBRAS. Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas, de data 28 de outubro de 2024, do seguinte teor:

Dáse conta da Proposta da Alcaldía, do seguinte teor:

PROPOSTA DA ALCALDÍA

Asunto: Proposta de modificación da Ordenanza fiscal nº I.3 reguladora do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras

O Concello de Vilagarcía conta na actualidade coa Ordenanza fiscal nº I.3 reguladora do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras.

Por parte da Concelleira de Economía e Facenda propóñense modificacións Por parte da Concelleira de Economía e Facenda propóñense unha serie de modificacións no tipo de gravame do imposto así como na claridade do artigo 4.2.2.

Vistos os informes favorables de Tesourería e Secretaría, propoño que pola Comisión Informativa de Economía Facenda e Especial de Contas se ditamine favorablemente, así como a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar provisionalmente a modificación dos seguintes artigos da Ordenanza fiscal nº I.3 reguladora do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, nos seguintes termos:

1.- O artigo 3.4 quedaría redactado do seguinte modo:

“ O tipo de gravame será do 4%”.

2.- O artigo 4.2.2 quedaría redactado do seguinte modo:

“Ás construcións, instalacións e obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociosanitarias seralles de aplicación unha bonificación do 95% da cota”.

SEGUNDO.- Expoñer ao público o acordo aprobado provisionalmente no Taboleiro de Edictos do Concello, durante o prazo de 30 días hábiles, así como publicar o anuncio de exposición ao público durante dito prazo no BOP e nun dos diarios de maior difusión da provincia, co fin de que por todos os interesados se presenten as alegacións e as reclamacións que teñan por conveniente.

Asemade, faise constar expresamente que, se durante o prazo de exposición ao público non se presentasen reclamacións contra a aprobación inicial obxecto da proposta, elevarase a definitivo o acordo provisional sen necesidade de adopción de novo acordo do Pleno Municipal que así o declare.

TERCEIRO.- O acordos de aprobación definitiva, incluído o provisional elevado automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro da Ordenanza, haberán de ser publicados no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, e serán de aplicación a partir do día seguinte ao da súa publicación.

Vilagarcía de Arousa, na data da sinatura electrónica

O Alcalde

Alberto Varela Paz

Dáse conta dos informes que constan no expediente.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo político municipal do PSdeG-PSOE informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PP, BNG e EU din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación provisional da modificación da Ordenanza Fiscal I.3 Reguladora do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras.

Dáse conta da emenda presentada polo grupo político municipal do PP, seguinte:

Os concelleiros integrantes do Grupo Municipal Popular, ao amparo do establecido no artigo 10.6 do Regulamento de Organización, Funcionamento do Concello de Vilagarcía de Arousa, formulan, a seguinte EMENDA en relación á proposta da modificación da Ordenanza Fiscal I.3, Reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras

Artigo 3.4.- Manter o tipo de gravame do 3,24 %.

Artigo 4:

1. A solicitude do interesado, á Xunta de Goberno Local, previo informe dos técnicos municipais, poderá aplicar unha bonificación de ata un 50% na base imponible das seguintes obras:

a) Obras de modernización de pequenos e medianos comercios, así como nas de rehabilitación de fachadas e tellados de edificacións.

b) Obras de ampliación, construción e traslado de empresas, sempre que sexan xeradoras de novos postos de traballo. Neste último caso a bonificación na súa porcentaxe máis ampla, preferentemente ás industrias que se ubiquen en solo industrial calificado ó efecto.

C) Obras de rehabilitación e renovación de vivendas que se atopen baleiras e se vaian a destinar ao aluger de vivenda habitual.

D) Obras de mellora de eficiencia enerxética ou mellora da insonorización en vivendas. Neste caso, incluíriase o cambio de fiestras, radiadores, etc...

E) Obras de insonorización realizadas en locais, tales como, colocación de aislamiento acústico, cambio de fiestras, etc... sempre que, tras a obra, reduzan en un 15% os ruidos emitidos.

XUSTIFICACIÓN:

A inclusión de tellados nas obras de rehabilitación toda vez que, concorren os mesmos argumentos que para incluír as fachadas e, dese xeito, melloramos a estética e a seguridade da cidade.

En Vilagarcía ao igual que no resto de España hai un problema crecente de acceso á vivenda. Por

ese motivo, dende as competencias municipais, incentívase a rehabilitación de vivendas baleiras para o seu destino a alugar como vivenda habitual, de forma tal que, ao aumentar á oferta, baixen os prezos.

En relación ás obras de mellora da eficiencia enerxética e insonorización, céntranse en incentivar a transición enerxética e reducir o consumo das familias facilitando o impacto da inversión inicial. Con respecto á insonorización, ante os problemas de convivencia acaecidos nos últimos anos, propónse que se incentive a insonorización de locais comerciais e vivendas, a fin de reducir o impacto dos ruidos na vida cotiá.

- Polo grupo político municipal do PSdeG-PSOE non se acepta a emenda presentada.

Na Sesión Plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde, sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con once votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PSdeG-PSOE (9) e BNG (2) e dez votos en contra dos/as Concelleiros/as pertencentes aos grupos políticos municipais do PP (9) e EU (1)

ACÓRDASE Por maioría:

PRIMEIRO: Aprobar provisionalmente a modificación proposta da Ordenanza Fiscal I.3 Reguladora do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras.

SEGUNDO.- Expoñer ao público o acordo aprobado provisionalmente no Taboeiro de Editos do Concello, durante o prazo de 30 días hábiles, así como publicar o anuncio de exposición ao público durante dito prazo no BOP e nun dos diarios de maior difusión da provincia, co fin de que por todos os interesados se presenten as alegacións e as reclamacións que teñan por conveniente.

Asemade, faise constar expresamente que, se durante o prazo de exposición ao público non se presentasen reclamacións contra a aprobación inicial destas modificacións, elevarase a definitivo o acordo provisional sen necesidade de adopción de novo acordo do Pleno Municipal que así o declare.

TERCEIRO.- Os acordos de aprobación definitiva, incluídos os provisionais elevados automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro da ordenanza, haberán de ser publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, e serán de aplicación a partir do día seguinte ao da súa publicación.

Así mesmo estarán a disposición dos interesados na Sede Electrónica deste Concello.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20241031&punto=9>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

10.- APROBACIÓN PROVISIONAL, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL II.2, REGULADORA DA TAXA POLO SUBMINISTRO DE AUGA POTABLE A DOMICILIO, ASÍ COMO DOS PREZOS DAS ACOMETIDAS, CONTADORES E OUTROS.-

Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas, de data 28 de outubro de 2024, do seguinte teor:

Dáse conta da Memoria-Proposta, da Alcaldía, do seguinte teor:

MEMORIA-PROPOSTA DA ALCALDÍA

Asunto: PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL Nº II.2 REGULADORA DA TAXA POLO SUBMINISTRO DE AUGA POTABLE A DOMICILIO, ASÍ COMO DOS PREZOS DAS ACOMETIDAS, CONTADORES E OUTROS PARA O ANO 2025.

As modificacións propostas consisten no seguinte:

- Modificación das tarifas do art. 9 da O.F. N° II.2 e modificación dos prezos das Acometidas, Contadores e Outros, conforme a actualización dos prezos na porcentaxe correspondente o IPC interanual do +2,8% de xullo a xullo (na presente proposta de xullo/2023 a xullo/2024), con efectos para o 2025, tal e como consta na proposta de Espina & Delfin.
- Actualizar tamén os importes previstos na Ordenanza para aqueles supostos de usos comerciais e industriais que non teñan instalado contador, quedando co seguinte importe:

As vivendas que non teñan instalado contador, facturaráselle un mínimo de 12,08 €/mes, dándolle ao contribuínte para que instale o contador, de acordo co Regulamento e normas técnicas, un prazo de seis meses. En caso contrario procederase ao corte do subministro de auga.

Os locais comerciais e industrias que non teñan contador, facturaráselle un mínimo de 24,85 €/mes, dándolle ao contribuínte para que instale o contador, de acordo co Regulamento e normas técnicas, un prazo de seis meses, en caso contrario, procederase ao corte do subministro de auga.

Informado favorablemente, proponho que pola Comisión Informativa de Economía Facenda e Especial de Contas se ditamine favorablemente, así como a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar provisionalmente a modificación do art. 9 da Ordenanza Fiscal N° II.2 reguladora da Taxa polo Subministro de Auga Potable a Domicilio, así como dos Prezos das Acometidas, Contadores e Outros, nos seguintes termos:

A) USOS DOMÉSTICOS:

- 1º bloque, ata 10 m³ de consumo. 0,373462 € / m³
- 2º bloque, de 11 m³ a 20 m³. 0,471014 € / m³
- 3º bloque, exceso de 20 m³. 0,502312 € / m³
- Cota mensual de servizo . 1,914 € / abonado mes
- Cota mínima mensual . 5,653 € / abonado mes

As vivendas que non teñan instalado contador, facturaráselle un mínimo de 12,08 €/mes, dándolle ao contribuínte para que instale o contador, de acordo co Regulamento e normas técnicas, un prazo de seis meses. En caso contrario procederase ao corte do subministro de auga.

B) USO COMERCIAL:

Comercios de venda menor, artigos de regalo, camisería, mercería, oficinas, tendas de alimentación e similares:

- 1º bloque, ata 10 m³ de consumo. 0,471014 € / m³
- 2º bloque, exceso de 10 m³ 0,551779 € / m³
- Cota mensual de servizo . 4,591 € / abonado mes
- Cota mínima mensual . 9,300 € / abonado mes

C) USO INDUSTRIAL:

- 1º bloque, ata 25 m³ de consumo. 0,471014 € / m³
- 2º bloque, exceso de 25 m³. 0,568672 € / m³
- Cota mensual de servizo 4,591 € / abonado mes
- Cota mínima mensual ... 16,367 € / abonado mes

Os locais comerciais e industrias que non teñan contador, facturaráselle un mínimo de 24,85 €/mes, dándolle ao contribuínte para que instale o contador, de acordo co Regulamento e normas técnicas, un prazo de seis meses, en caso contrario, procederase ao corte do subministro de auga.

D) OBRAS EN CONSTRUCCIÓN:

- 1º bloque, ata 65 m³. 0,496017 € / m³
- 2º bloque, exceso de 65 m³. 0,578163 € / m³
- Cota mensual de servizo 4,591 € / abonado mes

- Cota mínima mensual 36,833 € / abonado mes

E) CANON DE CONSERVACIÓN DE CONTADORES

O canon de conservación polo servizo de mantemento, será de 0,219 €/ abonado mes, máis IVE.
TARIFAS DE ACOMETIDAS, CONTADORES E OUTROS PARA O ANO 2025

1.- ACOMETIDAS

- acometida Gabia terra (A) Gabia asfalto (B) Gabia baldosa-beirarrúa (C)

¾ " 225,17 € 297,01 € 358,49 €

1 " 247,30 € 318,40 € 379,21 €

1 ½ " 327,41 € 399,22 € 461,52 €

2 " 389,55 € 460,03 € 521,50 €

Acometidas de máis de 5 m. ¾" 1" 1½" 2" .

(A) Incremento de por m. 11,82 € 13,84 € 24,84 € 33,14 €

(B) Incremento de por m. 26,03 € 28,03 € 39,15 € 47,30 €

(C) Incremento de por m. 31,29 € 33,30 € .43,95 € 52,50 €

2.- CONTADORES

2.1.- Contadores de 15/20 mm.

-Instalación en batería de contadores ou similar

-Contador de 15/20 mm.

-Válvula antirretorno

-Pezas de conexión...

Prezo: 15 mm.... 98,90 € / ud.; 20 mm.... 124,77 €/ud.

2.2.- Contador diámetro superior a 20 mm.

-Presupostarase para cada caso.

TARIFA DE CONTADORES (SEN INSTALACIÓN)

€

- 15 mm. 68,31 /ud.

- 20 mm. 94,18 /ud.

- 25 mm. 153,36 /ud.

- 30 mm. 214,39 /ud.

- 40 mm. 332,44 /ud.

- 50 mm. 726,15 /ud.

- 65 mm. 900,21 /ud.

3.- TARIFA POR INSPECCIÓN DE INSTALACIÓN DE CONTADOR, PRECINTADO E TOMA DE LECTURA PARA CAMBIO DE TITULARIDADE.

Total 22,15 € /unidade

4.- XESTIÓN DE COBRO

No caso de non facer efectivo o importe do recibo no período voluntario de cobro, por confección de listado de pendentes de pago, carta individual a cada un deles, certificado de correos, etc. Se cargará unha cantidade igual ás tarifas postais vixentes á carta certificada con acuse de recibo.

NOTA: Tódolos prezos anteriores veranse gravados co IVE correspondente.

SEGUNDO.- Expoñer ao público o texto aprobado provisionalmente da Ordenanza Fiscal Nº II.2 así como dos prezos das Acometidas, Contadores e Outros no Taboeiro de Editos do Concello, durante o prazo de 30 días hábiles, así como publicar o anuncio de exposición ao público durante dito prazo no BOP e nun dos diarios de maior difusión da provincia, co fin de que por todos os interesados se presenten as alegacións e as reclamacións que teñan por conveniente.

Asemade, faise constar expresamente que, se durante o prazo de exposición ao público non se presentasen reclamacións contra a aprobación inicial destas modificacións, elevarase a definitivo o acordo provisional sen necesidade de adopción de novo acordo do Pleno Municipal que así o declare.

TERCEIRO.- Os acordos de aprobación definitiva, incluídos os provisionais elevados automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro das modificacións propostas, haberán de ser publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, e serán de aplicación a partir do 1 de xaneiro de 2025.

Vilagarcía de Arousa, na data da sinatura electrónica.

O Alcalde
Alberto Varela Paz

Dáse conta dos informes que constan no expediente.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo político municipal do PSdeG-PSOE informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PP, BNG e EU din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación provisional da modificación da Ordenanza Fiscal II.2, Reguladora da taxa polo subministro de auga potable a domicilio, así como dos prezos das acometidas, contadores e outros.

Na Sesión Plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde, sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con once votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PSdeG-PSOE (9) e BNG (2), nove abstencións dos/as Concelleiros/as pertencentes ao grupo político municipal do PP (9) e un voto en contra do Concelleiro pertencente ao grupo político municipal de EU (1)

ACÓRDASE: Por maioría:

PRIMEIRO.- Aprobar provisionalmente a modificación do art. 9 da Ordenanza Fiscal Nº II.2 reguladora da Taxa polo Subministro de Auga Potable a Domicilio, así como dos Prezos das Acometidas, Contadores e Outros, nos seguintes termos:

A) USOS DOMÉSTICOS:

- 1º bloque, ata 10 m³ de consumo. 0,373462 € / m³
- 2º bloque, de 11 m³ a 20 m³. 0,471014 € / m³
- 3º bloque, exceso de 20 m³. 0,502312 € / m³
- Cota mensual de servizo . 1,914 € / abonado mes
- Cota mínima mensual . 5,653 € / abonado mes

As vivendas que non teñan instalado contador, facturaráselle un mínimo de 12,08 €/mes, dándolle ao contribuínte para que instale o contador, de acordo co Regulamento e normas técnicas, un prazo de seis meses. En caso contrario procederase ao corte do subministro de auga.

B) USO COMERCIAL:

Comercios de venda menor, artigos de regalo, camisería, mercería, oficinas, tendas de alimentación e similares:

- 1º bloque, ata 10 m³ de consumo. 0,471014 € / m³
- 2º bloque, exceso de 10 m³ 0,551779 € / m³
- Cota mensual de servizo . 4,591 € / abonado mes
- Cota mínima mensual . 9,300 € / abonado mes

C) USO INDUSTRIAL:

- 1º bloque, ata 25 m³ de consumo. 0,471014 € / m³
- 2º bloque, exceso de 25 m³. 0,568672 € / m³
- Cota mensual de servizo 4,591 € / abonado mes
- Cota mínima mensual ... 16,367 € / abonado mes

Os locais comerciais e industrias que non teñan contador, facturaráselle un mínimo de 24,85 €/mes, dándolle ao contribuínte para que instale o contador, de acordo co Regulamento e normas técnicas, un prazo de seis meses, en caso contrario, procederase ao corte do subministro de auga.

D) OBRAS EN CONSTRUCCIÓN:

- 1º bloque, ata 65 m³. 0,496017 € / m³
- 2º bloque, exceso de 65 m³. 0,578163 € / m³
- Cota mensual de servizo 4,591 € / abonado mes
- Cota mínima mensual 36,833 € / abonado mes

E) CANON DE CONSERVACIÓN DE CONTADORES

O canon de conservación polo servizo de mantemento, será de 0,219 €/ abonado mes, máis IVE.

TARIFAS DE ACOMETIDAS, CONTADORES E OUTROS PARA O ANO 2025

1.- ACOMETIDAS

- acometida Gabia terra (A) Gabia asfalto (B) Gabia baldosa-beirarrúa (C)

¾ " 225,17 € 297,01 € 358,49 €

1 " 247,30 € 318,40 € 379,21 €

1 ½ " 327,41 € 399,22 € 461,52 €

2 " 389,55 € 460,03 € 521,50 €

Acometidas de máis de 5 m. ¾" 1" 1½" 2" .

(A) Incremento de por m. 11,82 € 13,84 € 24,84 € 33,14 €

(B) Incremento de por m. 26,03 € 28,03 € 39,15 € 47,30 €

(C) Incremento de por m. 31,29 € 33,30 € .43,95 € 52,50 €

2.- CONTADORES

2.1.- Contadores de 15/20 mm.

-Instalación en batería de contadores ou similar

-Contador de 15/20 mm.

-Válvula antirretorno

-Pezas de conexión...

Prezo: 15 mm.... 98,90 € / ud.; 20 mm.... 124,77 €/ud.

2.2.- Contador diámetro superior a 20 mm.

-Presupostarase para cada caso.

TARIFA DE CONTADORES (SEN INSTALACIÓN)

€

- 15 mm. 68,31 /ud.

- 20 mm. 94,18 /ud.

- 25 mm. 153,36 /ud.

- 30 mm. 214,39 /ud.

- 40 mm. 332,44 /ud.

- 50 mm. 726,15 /ud.

- 65 mm. 900,21 /ud.

3.- TARIFA POR INSPECCIÓN DE INSTALACIÓN DE CONTADOR, PRECINTADO E TOMA DE LECTURA PARA CAMBIO DE TITULARIDADE.

Total 22,15 € /unidade

4.- XESTIÓN DE COBRO

No caso de non facer efectivo o importe do recibo no período voluntario de cobro, por confección de listado de pendentes de pago, carta individual a cada un deles, certificado de correos, etc. Se cargará unha cantidade igual ás tarifas postais vixentes á carta certificada con acuse de recibo.

NOTA: Tódolos prezos anteriores veranse gravados co IVE correspondente.

SEGUNDO.- Expoñer ao público o texto aprobado provisionalmente da Ordenanza Fiscal Nº II.2 así como dos prezos das Acometidas, Contadores e Outros no Taboeiro de Editos do Concello, durante o prazo de 30 días hábiles, así como publicar o anuncio de exposición ao público durante dito prazo no BOP e nun dos diarios de maior difusión da provincia, co fin de que por todos os interesados se presenten as alegacións e as reclamacións que teñan por conveniente.

Asemade, faise constar expresamente que, se durante o prazo de exposición ao público non se presentasen reclamacións contra a aprobación inicial destas modificacións, elevarase a definitivo o acordo provisional sen necesidade de adopción de novo acordo do Pleno Municipal que así o declare.

TERCEIRO.- Os acordos de aprobación definitiva, incluídos os provisionais elevados

automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro das modificacións propostas, haberán de ser publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, e serán de aplicación a partir do 1 de xaneiro de 2025.

Así mesmo estarán a disposición dos interesados na Sede Electrónica deste Concello.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20241031&punto=10>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

11.- APROBACIÓN PROVISIONAL, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL II.5, REGULADORA DA TAXA DE DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS.- Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas, de data 28 de outubro de 2024, do seguinte teor:

Dáse conta da Memoria-Proposta da Alcaldía, do seguinte teor:

MEMORIA-PROPOSTA DA ALCALDÍA

Asunto: PROPOSTA MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL Nº II.5 REGULADORA DA TAXA DE DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS PARA O ANO 2025.

As modificacións propostas consisten no seguinte:

Modificación das tarifas do art. 5 da Ordenanza Fiscal Nº II.5 reguladora da Taxa de depuración de augas residuais para o 2025, conforme a actualización dos prezos na porcentaxe correspondente o IPC interanual do +2,8% de xullo a xullo (na presente proposta de xullo/2023 a xullo/2024), con efectos para o 2025.

Informado favorablemente, propoño que pola Comisión Informativa de Economía Facenda e Especial de Contas se ditamine favorablemente, así como a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar provisionalmente a modificación exposta das tarifas do art. 5 da Ordenanza fiscal Nº II.5 reguladora da Taxa de depuración de augas residuais para o 2025.

A) COTA MÍNIMA:

a) Aboado con contador e servizo de abastecemento de auga:

	€/ mes
Uso doméstico	2,902
Uso comercial	3,964
Uso industrial	7,315

b) Aboados sen contador ou sen servizo de abastecemento de auga:

	€/ mes
Uso doméstico	4,097
Uso comercial	5,136
Uso industrial	11,708

B) CONSUMO SERVIZO AUGA:

- Uso doméstico:

	€
Cada m ³ consumido	0,102040

- Uso comercios:

	€
Cada m ³ consumido	0,102040

- Uso industrial:

	€
Cada m ³ consumido	0,102040

C) INDUSTRIAS CON GRANDES CAUDALES VERQUIDOS Á REDE:

Aquelas industrias (ou calquer aboado) que para o seu proceso de produción utilicen medios propios de abastecemento de auga exclusivamente ou conxuntamente con auga da rede municipal, e vertan á rede de sumidoiros un caudal superior ao consumido da rede municipal, co fin de coñecer o caudal vertido, instalarán ao seu cargo aparatos para a medición do devandito caudal que servirá para a facturación por depuración. De mutuo acordo entre a empresa e o concesionario do Servizo Municipal de augas poderase realizar un aforo de caudal vertido a efectos da facturación.

Facturarase de acordo coa seguinte tarifa:

	€
Cota fixa mensual (aboado mes)	7,315
Por cada m ³ verquido (medido ou aforado)	0,102040

As tarifas indicadas incrementaranse có IVE correspondente a cada exercicio.

SEGUNDO.- Expoñer ao público o texto aprobado provisionalmente da Ordenanza fiscal nº II.5 no Taboeiro de Editos do Concello, durante o prazo de 30 días hábiles, así como publicar o anuncio de exposición ao público durante dito prazo no BOP e nun dos diarios de maior difusión da provincia, co fin de que por todos os interesados se presenten as alegacións e as reclamacións que teñan por conveniente.

Asemade, faise constar expresamente que, se durante o prazo de exposición ao público non se presentasen reclamacións contra a aprobación inicial destas modificacións, elevarase a definitivo o acordo provisional sen necesidade de adopción de novo acordo do Pleno Municipal que así o declare.

TERCEIRO.- Os acordos de aprobación definitiva, incluídos os provisionais elevados automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro das modificacións propostas, haberán de ser publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, e serán de aplicación a partir do día 1 de xaneiro do 2025.

Vilagarcía de Arousa, na data da sinatura electrónica

O Alcalde

Alberto Varela Paz

Dáse conta dos informes que constan no expediente.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo político municipal do PSdeG-PSOE informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PP, BNG e EU din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación provisional da modificación da Ordenanza Fiscal II,5, Reguladora da taxa de deapuración de augas residuais.

Na Sesión Plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde, sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con once votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PSdeG-PSOE (9) e BNG (2), nove abstencións dos/as Concelleiros/as pertencentes ao grupo político municipal do PP (9) e un voto en contra do Concelleiro pertencente ao grupo político municipal de EU (1)

ACÓRDASE: Por maioría:

PRIMEIRO.- Aprobar provisionalmente a modificación exposta das tarifas do art. 5 da Ordenanza fiscal Nº II.5 reguladora da Taxa de depuración de augas residuais para o 2025.

A) COTA MÍNIMA:

a) Aboado con contador e servizo de abastecemento de auga:

	€/ mes
Uso doméstico	2,902
Uso comercial	3,964
Uso industrial	7,315

b) Aboados sen contador ou sen servizo de abastecemento de auga:

	€/ mes
Uso doméstico	4,097
Uso comercial	5,136
Uso industrial	11,708

B) CONSUMO SERVICIO AUGA:

- Uso doméstico:

	€
Cada m ³ consumido	0,102040

- Uso comercios:

	€
Cada m ³ consumido	0,102040

- Uso industrial:

	€
Cada m ³ consumido	0,102040

C) INDUSTRIAS CON GRANDES CAUDALES VERQUIDOS Á REDE:

Aquelas industrias (ou calquer aboado) que para o seu proceso de produción utilicen medios propios de abastecemento de auga exclusivamente ou conxuntamente con auga da rede municipal, e vertan á rede de sumidoiros un caudal superior ao consumido da rede municipal, co fin de coñecer o caudal vertido, instalarán ao seu cargo aparatos para a medición do devandito caudal que servirá para a facturación por depuración. De mutuo acordo entre a empresa e o concesionario do Servizo Municipal de augas poderase realizar un aforo de caudal vertido a efectos da facturación.

Facturarase de acordo coa seguinte tarifa:

	€
Cota fixa mensual (aboado mes)	7,315
Por cada m ³ verquido (medido ou aforado)	0,102040

As tarifas indicadas incrementaranse có IVE correspondente a cada exercicio.

SEGUNDO.- Expoñer ao público o texto aprobado provisionalmente da Ordenanza fiscal nº II.5 no Taboeiro de Editos do Concello, durante o prazo de 30 días hábiles, así como publicar o anuncio de exposición ao público durante dito prazo no BOP e nun dos diarios de maior difusión da provincia, co fin de que por todos os interesados se presenten as alegacións e as reclamacións que teñan por conveniente.

Asemade, faise constar expresamente que, se durante o prazo de exposición ao público non se presentasen reclamacións contra a aprobación inicial destas modificacións, elevarase a definitivo o acordo provisional sen necesidade de adopción de novo acordo do Pleno Municipal que así o declare.

TERCEIRO.- Os acordos de aprobación definitiva, incluídos os provisionais elevados automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro das modificacións propostas, haberán de ser publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, e serán de aplicación a partir do día 1

de xaneiro do 2025.

Así mesmo estarán a disposición dos interesados na Sede Electrónica deste Concello.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20241031&punto=11>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

12.- APROBACIÓN PROVISIONAL, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL II.6 REGULADORA DA TAXA POR EXPEDICIÓN DE DOCUMENTOS ADMINISTRATIVOS E OUTROS SERVIZOS.- Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas, de data 28 de outubro de 2024, do seguinte teor:

Dáse conta da Memoria da Alcaldía, do seguinte teor:

MEMORIA DE ALCALDÍA

Vista a proposta da Sra. Concelleira de Economía e Facenda, e ó obxecto de dar cumprimento ó disposto nos artigos 15 e seguintes do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e demais disposicións concordantes, esta Alcaldía-Presidencia redacta a presente Memoria que integrará o expediente de modificación da Ordenanza Fiscal, Nº II.6 Reguladora da TAXA POLA EXPEDICIÓN DE DOCUMENTOS ADMINISTRATIVOS.

O artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, establece que as Entidades locais terán autonomía para establecer e esixir tributos de acordo co previsto na lexislación do Estado reguladora das Facendas locais e nas Leis que diten as Comunidades Autónomas nos supostos expresamente previstos naquela. E que a potestade regulamentaria das Entidades locais en materia tributaria exercerase a través de Ordenanzas fiscais reguladoras dos seus tributos propios e de Ordenanzas xerais de xestión, recadación e inspección. As Corporacións locais poderán emanar disposicións interpretativas e aclaratorias das mesmas.

Pola súa banda, o art. 20.4 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, dispón que poderán establecerse taxas pola prestación de servizos ou a realización de actividades administrativas de competencia local e, en particular, polo seguinte: a) Documentos que expidan o dos que entendan as Administracións ou autoridades locais, a instancia de parte.

O Concello de Vilagarcía conta na actualidade coa Ordenanza Fiscal Nº II.6 reguladora da Taxa pola expedición de documentos administrativos.

Por parte da Concelleira de Economía e Facenda propóñense unha serie de modificacións nesta ordenanza coa finalidade de favorecer o acceso dos cidadáns aos servizos municipais e da promoción e desenvolvemento da administración electrónica no Concello de Vilagarcía de Arousa.

Considérase conveniente que a expedición dun ou dous certificados expedidos pola Alcaldía, Secretaria do Concello ou outro funcionario municipal a quen competa, relativos a documentos ou datos referidos ao ano en curso sexan gratuítos.

A posibilidade de emisión de certificados con sinatura electrónica permite aos cidadáns solicitar un único certificado e realizar cantas copias desexa do mesmo, que se poderán validar co código seguro de verificación.

Por outra banda, establecendo a gratuidade de ata dous certificados aténdense as peticións reiteradas de moitos cidadáns de que o Concello non se cobre a expedición de certificados.

A modificacións proposta é a seguinte:

1. Engadir un novo apartado ao Artigo 5.1 co seguinte literal:

5ª.- Solicitudes de ata dúas certificación expedida pola Alcaldía, Secretaria do Concello ou outro funcionario municipal a quen competa, relativos a documentos ou datos referidos ao ano en curso.

Ditas modificacións deben ser informadas pola Comisión Informativa de Economía Facenda e

Especial de Contas, para a súa posterior aprobación polo Pleno Municipal.
Vilagarcía de Arousa, na data da sinatura electrónica
O Alcalde
Alberto Varela Paz

Dáse conta dos informes que constan no expediente.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo político municipal do PSdeG-PSOE informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PP, BNG e EU din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación provisional da modificación da Ordenanza Fiscal II.6 Reguladora da taxa por expedición de documentos administrativos e outros servizos.

Na Sesión Plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde, sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (21 de 21)

ACÓRDASE Por maioría:

PRIMEIRO: Aprobar provisionalmente a modificación proposta da Ordenanza Fiscal II.6 Reguladora da taxa por expedición de documentos administrativos e outros servizos.

SEGUNDO.- Expoñer ao público o acordo aprobado provisionalmente no Taboeiro de Editos do Concello, durante o prazo de 30 días hábiles, así como publicar o anuncio de exposición ao público durante dito prazo no BOP e nun dos diarios de maior difusión da provincia, co fin de que por todos os interesados se presenten as alegacións e as reclamacións que teñan por conveniente.

Asemade, faise constar expresamente que, se durante o prazo de exposición ao público non se presentasen reclamacións contra a aprobación inicial destas modificacións, elevarase a definitivo o acordo provisional sen necesidade de adopción de novo acordo do Pleno Municipal que así o declare.

TERCEIRO.- Os acordos de aprobación definitiva, incluídos os provisionais elevados automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro da ordenanza, haberán de ser publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, e serán de aplicación a partir do día seguinte ao da súa publicación.

Así mesmo estarán a disposición dos interesados na Sede Electrónica deste Concello.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20241031&punto=12>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

13.- APROBACIÓN PROVISIONAL, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL II.10, REGULADORA DA TAXA POLA RECOLLIDA E XESTIÓN DOS RESIDUOS MUNICIPAIS.- Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas, de data 28 de outubro de 2024, do seguinte teor:

Dáse conta de Memoria da Alcaldía do seguinte teor:

MEMORIA DE ALCALDÍA

A xestión de residuos municipais constitúe un dos elementos crave da política ambiental municipal, tratándose dun servizo de recepción obrigatoria para os cidadáns. En virtude do

disposto no artigo 20.4.s) do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo (en diante, TRLRHL), as entidades locais poden establecer taxas (ou prestacións patrimoniais non tributarias) pola súa prestación. Como é ben sabido, o 10 de abril de 2022 entrou en vigor a Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular (LRSCEC), que establece no seu artigo 11.3 o seguinte:

3. No caso dos custos de xestión dos residuos de competencia local, de acordo co disposto no texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, as entidades locais establecerán, no prazo, de tres anos a contar desde a entrada en vigor desta lei, unha taxa ou, no seu caso, unha prestación patrimonial de carácter público non tributaria, específica, diferenciada e non deficitaria, que permita implantar sistemas de pago por xeración e que reflicta o custo real, directo ou indirecto, das operacións de recollida, transporte e tratamento dos residuos, incluídos a vixilancia destas operacións e o mantemento e vixilancia posterior ao peche dos vertedoiros, as campañas de concienciación e comunicación, así como os ingresos derivados da aplicación da responsabilidade ampliada do produtor, da venda de materiais e de enerxía.

O próximo 10 de abril de 2025 finaliza o citado prazo de tres anos concedido pola lei para adoptar, de maneira preceptiva, unha taxa ou PPNT que se axuste ao disposto na mesma.

O documento «Cuestións relevantes en relación co establecemento e a xestión da taxa local de residuos sólidos urbanos» elaborado por representantes do Ministerio de Facenda, o Ministerio de Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico e a Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP) advirte por primeira vez das consecuencias que poderían derivarse dun incumprimento da citada obriga: un incumprimento dos obxectivos comunitarios que afectan os residuos municipais podería levar que o Reino de España fose sancionado.

E en aplicación do artigo 8 e da Disposición Adicional 2ª da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, a dita sanción poderá ser repercutida ás Administracións Públicas.

Adicionalmente, a existencia da devandita taxa ou PPNT pode ser esixida como criterio condicionante para o acceso polas entidades locais aos fondos comunitarios.

O establecemento da taxa ou PPNT prevista no artigo 11.3 da Lei 7/2022 obriga a todos os municipios, incluídos aqueles cunha poboación de ata 5.000 habitantes.

A LRSCEC incorpora os denominados sistemas de pago por xeración. O Preámbulo da mesma indica que se trata de taxas que deberían tender ao pago por xeración. E, pola súa banda, o artigo 11.3 impón a necesidade de que a taxa ou PPNT sexa compatible con este tipo de sistemas, os cales permiten definir o seu importe en función da cantidade e o tipo de residuo xerado.

Neste senso, a modificación da ordenanza proposta contempla, no artigo 6 beneficios fiscais, bonificacións aplicables aos suxeitos pasivos no caso de que estean adheridos a algún dos programas de compostaxe doméstica ou comunitaria ou de separación e recollida separada de materia orgánica separable.

Tamén se condicionan a totalidade das reducións aplicables á tarifa ao feito de que os suxeitos pasivos solicitantes estean adheridos a algún dos programas de compostaxe municipal.

Por último, considérase a superficie un elemento a considerar na volume de residuos xerados polas actividades comerciais, recreativas, profesionais e outras, polos restaurantes, cafeterías, bares, tabernas e establecementos análogos, polos colexios e centros de ensino e polas industrias, fábricas, cetáreas, talleres mecánicos e navais e similares.

A guía establece respecto diso unha importante matización: non debe interpretarse como a obrigación taxativa de esixir unha taxa totalmente individualizada para cada suxeito pasivo, senón de incorporar progresivamente este tipo de sistemas.

Outra das esixencias do artigo 11.3 da LRSCEC é que a taxa ou PPPNT non sexa deficitaria. A iso debe engadirse a obriga recollida no artigo 24.2 do TRLRHL, de que o importe das taxas pola prestación de servizos non supere, no seu conxunto, o custo real ou previsible do servizo.

Efectuada a comparativa entre o custe do servizo previsto e os ingresos liquidados no 2023, resulta que existiría un déficit no servizo de 607.424,19 €. Esta diferenza obriga ao concello a incrementar as tarifas aplicables en torno a un 22%.

Non obstante, apróveitase a modificación para reagrupar as tarifas existentes na actual

ordenanza, debido as dificultades da aplicación práctica da variabilidade de tarifas e actividades detalladas na ordenanza actual.

O servizo de recollida, tratamento e eliminación de residuos, considerado de forma global, é un servizo de recepción obrigatoria para os cidadáns do municipio.

En base ao exposto propónse a aprobación da modificación da Ordenanza fiscal nº II.10 reguladora da taxa pola recollida e xestión de residuos municipais, que quedaría co seguinte literal:

ORDENANZA FISCAL Nº II.10 REGULADORA DA TAXA POLA RECOLLIDA E XESTIÓN DOS RESIDUOS MUNICIPAIS

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular (LRSCEC), estableceu no seu artigo 11.3 a obrigatoriedade de que as entidades locais establecesen unha taxa ou, no seu caso, unha prestación patrimonial de carácter público non tributaria, específica, diferenciada e non deficitaria, que permitise implantar sistemas de pago por xeración e que reflectise o custo real, directo ou indirecto, das operacións de recollida, transporte e tratamento dos residuos, incluídos a vixilancia destas operacións e o mantemento e vixilancia posterior ao peche dos vertedoiros, as campañas de concienciación e comunicación, así como os ingresos derivados da aplicación da responsabilidade ampliada do produtor, da venda de materiais e de enerxía. O prazo do que dispoñían as entidades locais para aprobar a dita taxa era de tres anos a contar desde a entrada en vigor da Lei 7/2022, finalizando o próximo 10 de abril de 2025.

Por outra banda, en virtude do disposto no artigo 20.4.s) do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo (TRLRHL), as entidades locais poden establecer taxas (ou prestacións patrimoniais de carácter público non tributarias) pola súa prestación.

O servizo de recollida, tratamento e eliminación de residuos, considerado de forma global, é un servizo de recepción obrigatoria para os cidadáns do municipio, é dicir que, con independencia de se o contribuínte fai uso ou non do mesmo, debe satisfacer a cota, simplemente polo feito de que está á súa disposición. Establécese así no artigo 2 a obrigatoriedade do servizo e determínase o feito imponible da taxa: a prestación do servizo de recollida e xestión de residuos. Tamén se concreta neste artigo cales se consideran residuos domésticos, residuos comerciais e residuos municipais.

Os únicos supostos que nos estarían suxeitos a esta taxa son os de vivendas ou locais en situación de ruína ou reforma (ó cando impida totalmente o uso ou habitabilidade do inmovible) e no suposto de que o colector diste máis de 250 m. do inmovible aínda que sendo posible establecer un máis próximo. Neste último caso trasládase á Administración a obrigatoriedade de prestar un servizo de proximidade ao cidadán se quere cobrar unha taxa por el.

No artigo 3 establécese o suxeito pasivo da taxa, diferenciando entre o suxeito pasivo contribuínte e o suxeito pasivo substituto do contribuínte. Se ben o obxectivo principal da LRSCEC é incentivar a redución na produción e xeración de residuos, o cumprimento desta finalidade non queda desvirtuado pola existencia da figura do substituto do contribuínte, dado que se produce a repercusión ao individuo que xera os residuos.

Unha das esixencias do artigo 11.3 da LRSCEC é que a taxa non sexa deficitaria. A isto debe engadirse a obriga recollida no artigo 24.2 do TRLRFL, de que o importe das taxas pola prestación de servizos non supere, no seu conxunto, o custo real ou previsible do servizo. Agora ben, en atención ao disposto na LRSCEC terase en conta que o importe das reducións que se establezan de acordo coa normativa de residuos ou o TRLRFL non deberá repartirse entre o resto dos suxeitos pasivos, é dicir, a menor cota a satisfacer polo suxeito pasivo ao que se lle aplique unha redución non implica que o resto de suxeitos pasivos deban pagar unha maior cota equivalente.

O documento «Cuestións relevantes en relación co establecemento e a xestión da taxa local de residuos sólidos urbanos» elaborado por representantes do Ministerio de Facenda, o Ministerio de Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico e a Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP), que pretende ser unha guía para facilitar ás entidades locais a regulación, xestión e aplicación desta figura, matiza que o feito de que a taxa non sexa deficitaria debe

interpretarse como o necesario cumprimento dun principio e non como a imposición aos concellos dunha absoluta precisión na cobertura dos custos do servizo.

Co obxecto de achegar maior claridade ás actuais tarifas, que presentan gran dificultade na súa aplicación práctica, froito de sucesivas reformas, eliminando redundancias e graduando as contías con base en elementos tributarios obxectivos, agrupáronse as tarifas existentes noutras máis simples e graduáronse conforme á intensidade dos residuos de cada figura.

En atención ao previsto no artigo 24.4 do TRLRFL e no 11.4 do LRSCEC, mantéñense no artigo 5 algunhas reducións a aplicar sobre a cota tributaria, xa existentes na vixente ordenanza fiscal, en aras de ter en conta criterios xenéricos de capacidade económica dos suxeitos obrigados a satisfacelas e de establecer unha redución para as persoas e as unidades familiares en situación de risco de exclusión social.

Engádesse ademais unha redución na cota tributaria para familias numerosas.

Xunto ao relativo á capacidade económica, o artigo 11.4 da LRSCEC prevé outros elementos que tamén poden ser tidos en conta ao configurar a correspondente taxa, e en base a el establécense no artigo 6 tres novos beneficios fiscais pola adscrición a un programa de compostaxe comunitario ou individual ou pola utilización do colector de biorresiduos (colector marrón).

A LRSCEC incorpora os denominados sistemas de pago por xeración. O Preámbulo da mesma indica que se trata de taxas que deberían tender ao pago por xeración. E, pola súa banda, o artigo 11.3 impón a necesidade de que a taxa ou PPNT sexa compatible con este tipo de sistemas, os cales permiten definir o seu importe en función da cantidade e o tipo de residuo xerado. Neste senso, o documento «Cuestións relevantes en relación co establecemento e a xestión da taxa local de residuos sólidos urbanos» establece unha importante matización: non debe interpretarse como a obrigação taxativa de esixir unha taxa totalmente individualizada para cada suxeito pasivo, senón de incorporar progresivamente este tipo de sistemas. É dicir, esixe ás entidades locais incorporar gradualmente elementos que teñan en conta o comportamento dos cidadáns na xeración de residuos. A modo de exemplo, o documento recolle tres sistemas de pago por xeración que serían admisibles: elemental, medio e avanzado.

Tanto a cota única do sistema elemental, como a cota básica dos sistemas medio e avanzado poderán fixarse en función de parámetros de carácter obxectivo: no caso dos residuos domésticos, a tipoloxía ou uso catastral do inmovible, o número de residentes no mesmo, o valor catastral, a súa superficie ou a súa localización; e para os residuos de actividades económicas, o tipo de actividade, superficie ou localización do inmovible, entre outros.

A presente ordenanza adáptase a un sistema elemental no que se establecen beneficios fiscais pola adscrición a un programa de compostaxe comunitario ou individual ou pola utilización do colector de biorresiduos, tamén se condicionan a totalidade das reducións aplicables á tarifa ao feito de que os suxeitos pasivos solicitantes estean adheridos a algún dos programas de compostaxe municipal e, por último, considérase a superficie un elemento determinante do volume de residuos xerados polas actividades comerciais, recreativas, profesionais e outras, polos restaurantes, cafeterías, bares, tabernas e establecementos análogos, polos colexios e centros de ensino e polas industrias, fábricas, cetarias, talleres mecánicos e navais e similares. Tamén se considera determinante no volume de residuos producidos por restaurantes, cafeterías, bares, tabernas e establecementos análogos o feito de que os produtos que comercialicen para o seu consumo no mesmo local sexan servidos en recipientes ou utensilios non reutilizables, xa que indubidablemente xeran un volume de residuos moito máis elevado.

O artigo 7 modifícase adaptando a devindicación e o período impositivo ao disposto no artigo 26.2 do TRLRFL, se ben se mantén o cobro da taxa con carácter semestral.

Modifícase a redacción dos artigos 8 e 9 aos efectos de evitar incongruencias e duplicidades existentes na ordenanza vixente e aos efectos de simplificar as actuacións da xestión.

Na Disposición Adicional elimínase a referencia a unha porcentaxe concreta, de xeito que calquera bonificación establecida pola Comunidade Autónoma que sexa repercutible aos receptores do servizo teña cabida nesta disposición.

FUNDAMENTO E NATUREZA

Artigo 1:

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución, e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos do 15 ao 19 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se

aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e a Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular este Concello establece a Taxa pola RECOLLIDA E XESTIÓN DOS RESIDUOS MUNICIPAIS, que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal.

FEITO IMPOÑIBLE

Artigo 2:

1.- Constitúe o feito imponible da Taxa a prestación do servizo, de recepción obrigatoria, de recollida e xestión de residuos domésticos, comerciais e asimilables de vivendas, aloxamentos e locais ou establecementos onde se exerzan actividades industriais, comerciais, profesionais, artísticas e de servizos, así como calquera outro uso dos especificados nas tarifas.

2.- A tal efecto, enténdese por residuos domésticos, os residuos perigosos e non perigosos xerados nos fogares, como consecuencia das actividades domésticas. Tamén se considerarán domésticos os similares en composición e cantidade aos anteriores xerados en servizos e industrias que non se xeren como consecuencia da propia actividade do servizo ou industria. Inclúense tamén nesta categoría os residuos que se xeran nos fogares de, entre outros, aceites de cociña usados, aparatos eléctricos e electrónicos, téxtil, pilas, acumuladores, mobles, colchóns e outros útiles, así como os residuos e entullos procedentes de obras menores de construción e reparación domiciliaria. Terán a consideración de residuos domésticos, os residuos procedentes da limpeza de vías públicas, zonas verdes, áreas recreativas e praias, os animais domésticos mortos e os vehículos abandonados.

3.- Enténdese por residuos comerciais, os residuos xerados pola actividade propia do comercio, por xunto e polo miúdo, dos servizos de restauración e bares, das oficinas e dos mercados, así como do resto do sector servizos.

4.- Os residuos municipais non comprenden os residuos industriais, a agricultura, a silvicultura, a pesca, as fosas sépticas e a rede de saneamento e plantas de tratamento de augas residuais, incluídos os lodos de depuradora, os vehículos ao final da súa vida útil e os residuos de construción e demolición non asimilables a domésticos. Os residuos industriais son os residuos resultantes dos procesos de produción, fabricación, transformación, utilización, consumo, limpeza ou mantemento xerados pola actividade industrial como consecuencia da súa actividade principal.

5.- Aos efectos do previsto no apartado 1 deste artigo, entenderase de recepción obrigatoria o servizo prestado a todas as vivendas, locais e establecementos comerciais, industriais, profesionais ou de calquera outros usos, tales como almacéns, alpendres, etc. e con independencia da súa frecuencia ou intensidade no seu uso.

En consecuencia, establécese unha cota mínima de dispoñibilidade do servizo en contía igual á tarifa de vivenda. Non se inclúen vivendas nin locais en situación de ruína ou reforma. A condición de ruína deberá acreditarse polo interesado mediante a achega da documentación expedida polo organismo competente para a declaración de dito estado. No caso das reformas, o disposto neste apartado só será aplicable nos supostos nos que sexa necesaria a obtención de licenza urbanística e fora concedida, e sempre que a reforma impida totalmente o uso ou habitabilidade do inmovible, o cal deberá ser acreditado documentalmente.

Tampouco se inclúen vivendas nin locais nos casos en que a recollida de lixo se efectúe exclusivamente mediante colector e este se atope a máis de 250 m. dos inmobles e sexa posible ter un en distancia máis próxima.

SUXEITOS PASIVOS

Artigo 3:

1.- Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades as que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria que se beneficien do servizo e con independencia de que ocupen ou utilicen as vivendas, locais ou establecementos localizados nos lugares, prazas, rúas e vías públicas nas que se preste o servizo, xa sexa a título de propietario ou de usufrutuario, habitacionista, arrendatario, ou incluso en precario.

2.- Terá a consideración de suxeito pasivo substituto do contribuínte o propietario das vivendas ou locais, que poderá repercutir, no seu caso, as cotas satisfeitas sobre os usuarios de aquelas, beneficiarios do servizo.

RESPONSABLES

Artigo 4:

1.- Responderán solidariamente das obrigacións tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas ás que se refiren os artigos 41 e 42 da Lei Xeral Tributaria.

2.- Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e o alcance que sinala o artigo 43 da Lei Xeral Tributaria. Serán responsables subsidiarios os administradores

COTA TRIBUTARIA

Artigo 5:

1.- A cota desta Taxa, será a resultante de aplicar as seguintes tarifas, en función da actividade desenvolvida, podendo terse en conta para a asignación de tarifas os usos especificados polo Catastro Inmobiliario.

Actividade	€/semestre	€/ano
1. Vivendas	64,78	129,56
2. Actividades comerciais, recreativas, profesionais e outras		
2.1. Despachos profesionais e artistas	124,20	248,40
2.2. Comercio en xeral, seguros, oficinas, xastrerías, barbarías e salóns de peiteado, así como actividades económicas non comprendidas noutros apartados:		
2.2.1. Ata 100 m2 de superficie	124,20	248,40
2.2.2. De 101 a 500 m2 de superficie:	186,30	372,60
2.2.3. De 501 a 1.000 m2	248,40	496,80
2.2.4. De 1.001 m2 de superficie en adiante:	310,50	621,00
2.3. Tendas de alimentación en xeral, supermercados e almacéns relacionados con estas actividades:		
2.3.1. Ata 100 m2 de superficie:	170,56	341,12
2.3.2. De 101 a 500 m2 de superficie:	255,84	511,68
2.3.3. de 501 a 1.000 m2 de superficie:	341,12	682,24
2.3.4. De 1.001 m2 de superficie en adiante:	426,40	852,80
2.4. Hipermercados (establecementos de superficie superior a 3.000 m2):	1.850,00	3.700,00
2.5. Bancos e caixas de aforros:	596,21	1.192,42
3. Hostalería e ocio:		
3.1.a. Hoteles, moteis, residencias, pensións, fondas, casas de hóspedes, vivendas de uso turístico e demais establecementos análogos dedicados a hospedaxe e nos que se sirvan comidas. Por habitación:	27,72	55,44
3.1.b. Hoteles, moteis, residencias, pensións, fondas, casas de hóspedes, vivendas de uso turístico e demais establecementos análogos dedicados a hospedaxe e nos que NON se sirvan comidas. Por habitación:	13,86	27,72
3.2. Restaurantes, cafeterías, bares, tabernas e establecementos análogos:		
3.2.a. Cando os produtos que comercialicen para o seu consumo no mesmo local sexan servidos en recipientes ou utensilios reutilizables		
3.2.a.1. Ata 100 m2 de superficie:	172,32	344,64
3.2.a.2. De 101 a 300 m2 de superficie:	258,48	516,96
3.2.a.3. De 301 a 600 m2 de superficie:	344,64	689,28
3.2.a.4. De 601 a 1.000 m2 de superficie:	430,80	861,60
3.2.a.5. De 1.001 m2 de superficie en adiante:	516,96	1.033,92
3.2.b. Cando os produtos que comercialicen para o seu consumo no mesmo local sexan servidos en recipientes ou utensilios non reutilizables		
3.2.b.1. Ata 100 m2 de superficie:	861,60	1.723,20
3.2.b.2. De 101 a 300 m2 de superficie:	1.292,40	2.584,80
3.2.b.3. De 301 a 600 m2 de superficie:	1.723,20	3.446,40
3.2.b.4. De 601 a 1.000 m2 de superficie:	2.154,00	4.308,00
3.2.b.5. De 1.001 m2 de superficie en adiante:	2.584,80	5.169,60
4. Garaxes comunitarios:		
4.1. Con ata 25 prazas:	75,40	150,80
4.2. De 26 ata 100 prazas:	90,48	180,96
4.3. De 101 prazas en adiante:	113,10	226,20
5. Colexios e centros de ensino:		
5.1. Ata 1.000 m2 de superficie:	124,89	249,78
5.2. De 1.001 a 5.000 m2 de superficie:	374,67	749,34
5.3. De 5.001 m2 de superficie en adiante:	499,56	999,12

6. Hospitais e sanatorios:		
6.1. Con ata 100 camas:	647,42	1.294,84
6.2. De 101 en adiante:	2.589,68	5.179,36
7. Industrias, fábricas, cetarias, talleres mecánicos e navais e similares:		
7.1. Ata 100 m2 de superficie:	201,30	402,60
7.2. De 101 a 500 m2 de superficie:	301,95	603,90
7.3. De 501 a 1.000 m2 de superficie:	402,60	805,20
7.4. De 1.001 a 5.000 m2 de superficie:	603,90	1.207,80
7.5. De 5.001 m2 de superficie en adiante:	805,20	1.610,40
8. Galpóns (aquelas construcións auxiliares en finca independente, sen construción principal nin WC e/ou cociña):	22,67	45,34

As cotas dos apartados 2, 3, 5 e 7 calcularanse, aos efectos desta taxa, tendo en conta a súa superficie total, de titularidade pública ou privada, adicada á actividade, incluíndo aparcadoiros, terrazas, patios, almacéns, corredores, escaleiras, terrazas de hostalería e calquera outra superficie interior ou exterior.

2.- Aos efectos de aplicación das tarifas, tributará cada unha das vivendas dun inmovible, con independencia de que no mesmo exista ou non división horizontal.

3.- Nos supostos non previstos nas tarifas liquidarase por similitude.

4.- No suposto de que dentro dunha vivenda se realice actividade económica, tributarase pola cota correspondente á actividade realizada.

5.- Nos inmobles onde coexistan dúas ou máis actividades ou usos dos especificados nas Tarifas da Ordenanza tributarán pola tarifa máis alta que lles corresponda, sempre que todas as actividades ou usos correspondan á mesma persoa física ou xurídica.

Se dentro do mesmo inmovible existen locais diferenciados tributarán cada un deles pola tarifa que lles corresponda. A estes efectos, considérase local diferenciado aquela estancia, construción, instalación, recinto ou espazo con acceso ou accesos directos do público e/ou dos empregados dende zoas comúns ou dende a vía pública.

6.- No caso de que varias persoas, físicas ou xurídicas, realicen as súas actividades compartindo un mesmo local, tributará cada unha delas pola cota que lle corresponda á súa actividade, se ben aplicaráselle un coeficiente de 0,70 nos supostos nos que non existan locais diferenciados definidos no parágrafo anterior. A estes efectos, entenderase que un local é compartido cando exista comunicación interior entre as dependencias nas que se desenvolven as diferentes actividades, podendo accederse directamente dunhas a outras. Igualmente, considérase que dúas ou máis actividades de diferentes titulares comparten local cando ocupan espazos diferenciados, aínda que non exista delimitación física.

7.- No caso de locais de uso distinto a vivenda que se atopen sen actividade, aplicarase a cota mínima de dispoñibilidade do servizo de importe igual á tarifa de vivenda, conforme se dispón no apartado 5º do artigo 2 desta ordenanza.

8.- Para o cálculo da cota dun garaxe atenderase exclusivamente ao seu número de prazas, independentemente do seu número de andares ou do número de comunidades de propietarios ás que estea adscrito.

REDUCIÓNS:

a) Naqueles casos nos que o suxeito pasivo acredite que os ingresos familiares, obtidos por calquera concepto, non rebasen a cantidade de multiplicar o Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples (IPREM) por 1,5, a cota tributaria será o resultado de multiplicar o coeficiente de 0,5 pola tarifa prevista para as vivendas, sempre e cando estean adheridos a algún dos programas de compostaxe municipal.

b) No caso de que a vivenda pertenza a unha familia numerosa, a cota tributaria será o resultado de multiplicar o coeficiente de 0,5 pola tarifa prevista para as vivendas, sempre e cando estean adheridos a algún dos programas de compostaxe municipal.

Considérase familia monoparental aos efectos desta ordenanza, a definida no artigo 13 da Lei 3/2011, de 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia.

c) Á cota tributaria resultante das tarifas da presente Ordenanza, aplicarase un coeficiente redutor do 100% para os beneficiarios do RISGA (Renda de Integración social) ou PLAN PREPARA (Programa de recualificación profesional), RAI (Renta Activa de Inserción), así como as unidades familiares con rendas asimilables ó RISGA, PARADOS DE LONGA DURACIÓN (maior ou igual a

12 meses) e as ONG (Organizacións Non Gubernamentais) debidamente acreditadas no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais (RUEPSS) da Xunta de Galicia. En tódolos casos será preciso que estean adheridos a algún dos programas de compostaxe municipal.

d) Á cota tributaria resultante das tarifas da presente Ordenanza, aplicarase un coeficiente de ponderación do 0,50 para unidades familiares nas que todos os seus membros superen os 65 anos e os ingresos brutos anuais resultantes por membro sexan inferiores á pensión mínima non contributiva, sempre e cando estean adheridos a algún dos programas de compostaxe municipal.

e) Á cota tributaria resultante das tarifas da presente Ordenanza, aplicarase un coeficiente de ponderación do 0,90 no caso de entidades sen fins lucrativos e Confrarías de Pescadores, sempre e cando estean adheridos a algún dos programas de compostaxe municipal.

Todas estas reducións terán carácter rogado debendo achegar á solicitude a documentación que sexa requirida polos servizos sociais do Concello, e producirá efectos a partir do período impositivo seguinte a aquel no que se solicite.

Para ter dereito á obtención das tarifas das letras a), b), c) e d) o suxeito pasivo deberá encontrarse empadroado e residir na vivenda para a que solicita a aplicación das tarifas indicadas.

No caso de que concorran dúas ou máis circunstancias das recollidas nas letras a), b), c) e d), aplicarase a máis vantaxosa. As reducións previstas neste artigo non son compatibles cos beneficios fiscais previstos no artigo 6.

Os ingresos familiares entenderanse como ingresos na unidade de convivencia, entendendo por tales os dos empadroados, así como aqueles que residan habitualmente na vivenda e poidan xustificarse por calquera medio válido en Dereito.

Aos efectos do cálculo dos ingresos consideraranse os do exercicio da solicitude da bonificación no caso de pensións ou prestacións sociais e os do exercicio anterior no caso de salarios ou outros rendementos. Estes exercicios serán os de comparación co IPREM.

As reducións concedidas terán unha duración máxima de 2 anos. O beneficiario deberá solicitar a renovación dentro dos seis meses anteriores ao semestre no que caduque a citada bonificación.

No caso contrario entenderase que renuncia a ela.

Os beneficiarios terán a obriga de comunicar á Administración Municipal calquera modificación nos datos relativos á redución outorgada.

Para aqueles contribuíntes que soliciten a bonificación pero teñan débedas pendentes coa Facenda Local, será condición indispensable para poder tramitar a súa solicitude que o interesado firme un compromiso de pago da débeda. Se transcorrido un ano dende a firma do compromiso de pago non se efectuaron ingresos destinados a cubrila, a bonificación será anulada, xirando a liquidación correspondente polas diferencias de importes polos beneficios fiscais que xa foran aplicados

BENEFICIOS FISCAIS

Artigo 6:

1.- Gozarán dunha bonificación do 10% da cota aqueles suxeitos pasivos que estean adscritos a un programa de compostaxe comunitario e cumpran os requisitos esixidos polo Concello de Vilagarcía de Arousa na Ordenanza reguladora do servizo.

2.- Gozarán dunha bonificación do 10% da cota aqueles suxeitos pasivos que sexan usuarios do colector de biorresiduos (colector marrón) e cumpran os requisitos esixidos polo Concello de Vilagarcía de Arousa na Ordenanza reguladora do servizo.

1.- Gozarán dunha bonificación do 15% da cota aqueles suxeitos pasivos que estean adscritos a un programa de compostaxe individual e cumpran os requisitos esixidos polo Concello de Vilagarcía de Arousa na Ordenanza reguladora do servizo.

PERÍODO IMPOSITIVO E DEVINDICACIÓN

Artigo 7:

1.- O período impositivo coincide co ano natural.

2.- Devíndicase a Taxa e nace a obriga de contribuír dende o momento no que se inicie a prestación do servizo, entendéndose iniciada, dada a natureza de recepción obrigatoria do mesmo, cando este establecido e en funcionamento o servizo municipal de recollida do lixo domiciliario nas rúas ou lugares onde figuren as vivendas ou locais empregados polo contribuíntes suxeitos á Taxa.

3.- Establecido e en funcionamento o referido servizo, a taxa devindicarase periodicamente o primeiro día do período impositivo. As cantidades esixibles conforme ás tarifas ratearanse por semestres naturais no caso de novas altas, baixas definitivas. Nos demais casos serán irreducibles polo período impositivo.

4.- O cobro da taxa esixirase semestralmente.

DECLARACIÓN E LIQUIDACIÓN

Artigo 8:

1.- Declaración de alta

Os promotores ou propietarios do inmovible están obrigados a efectuar a declaración de ALTA no Padrón Fiscal da Taxa dentro dos 3 meses seguintes a que estea finalizada a construción do edificio, ou se empece a prestar o servizo de recollida de lixo na rúa ou zona onde este situada ou adquira a propiedade por calquera título intervivos ou mortis causa.

2.- Declaración de variación

Cando cambie a actividade que se realice no local ou vivenda, o propietario está obrigado a efectuar a declaración de VARIACIÓN no Padrón Fiscal da Taxa dentro dos 3 meses seguintes a que se produza a dita variación.

Nos supostos de cambio de titularidade do inmovible, o novo propietario está obrigado a efectuar a declaración de VARIACIÓN no Padrón Fiscal da Taxa dentro dos 3 meses seguintes á adquisición da condición de propietario.

3.- Declaración de baixa.

Os promotores ou propietarios do inmovible están obrigados a efectuar a declaración de BAIXA no Padrón Fiscal da Taxa dentro dos 3 meses seguintes ao feito causante da baixa.

A solicitude de baixa só se admitirá nos casos de ruína ou reforma previstos no artigo 2.5 e nos casos nos que o inmovible adquirira o condición de solar ou terreo.

Artigo 9:

1.- A taxa liquidarase cando se presente por primeira vez para cada inmovible a solicitude de alta no padrón correspondente.

2.- Se non mediase solicitude de alta, darase de alta de oficio no padrón, con efectos de data de finalización da construción, liquidaranse os atrasos correspondentes, de selo caso, e notificarase a mesma aos interesados sen prexuízo da apertura do correspondente expediente sancionador por infracción tributaria.

3.- Tanto as declaracións de alta presentadas como as liquidacións de oficio producirán a alta no correspondente padrón.

4.- As variacións orixinadas por modificacións introducidas nas leis e nas ordenanzas fiscais, ou resultante das declaracións de variacións regulamentarias que teña que presentar o suxeito pasivo serán notificadas colectivamente mediante a exposición pública do padrón correspondente. Enténdense incluídas neste caso as alteracións xurídicas derivadas de compravendas, herdanzas, adxudicacións xudiciais ou calquera outro.

INGRESO

Artigo 10:

1.- O pagamento poderase realizar directamente nas entidades financeiras colaboradoras coa recadación municipal, nos caixeiros das mesmas entidades que así o admitan ou por vía telemática, tanto a través das pasarelas de pagos das propias entidades como a través da Oficina Virtual Tributaria do Concello de Vilagarcía de Arousa.

2.- O pago dos recibos/liquidacións derivados da aplicación da presente ordenanza poderá ser aprazado ou fraccionado nos termos previstos na Ordenanza Fiscal Xeral do Concello de Vilagarcía de Arousa.

INFRACCIÓNS E SANCIÓN

Artigo 11:

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que ás mesmas correspondan en cada caso, estarase ó disposto na Lei Xeral Tributaria.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

Nos exercicios en que a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia estableza unha bonificación do canon unitario de tratamento por tonelada de residuos domésticos de Sogama e o Concello de Vilagarcía de Arousa deba trasladar o importe equivalente ao da devandita bonificación ás persoas beneficiarias do servizo, establécese unha

bonificación que minorará o importe da tarifa de xeito proporcional a cada obrigado tributario, por un importe total equivalente ao da bonificación aplicada pola Consellería.

A bonificación practicarase nos recibos que se emitan ao cobro no primeiro semestre do ano natural seguinte ao da aplicación da bonificación pola Consellería, previo acordo da Alcaldía no que se determine o importe total da minoración a practicar.

DISPOSICION FINAL

A presente Ordenanza Fiscal, aprobada a súa redacción polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o día xx de xxxxxx de 2024, e comezará a aplicarse unha vez transcorra o prazo previsto no artigo 49 e 65.2 da Lei 7/85, do 2 de abril, e manterase en vigor mentres non se acorde a súa derogación ou modificación expresa.

Fechas anteriores modificacións:

PUBLICADO BOP (modificación tarifas): 28/12/2000

PUBLICADO BOP (modificación tarifas): 17/12/2001

PUBLICADO BOP (modificación tarifas): 30/12/2002

PUBLICADO BOP (modificación tarifas): 29/12/2003

PUBLICADO BOP (modificación tarifas): 29/12/2004

PUBLICADO BOP (modificación tarifas): 28/12/2005

PUBLICADO BOP (modificación tarifas): 27/12/2007

PUBLICADO BOP: 26/12/2008

PUBLICADO BOP: (modif. tarifas 2º sem/12): 19/03/2012

PUBLICADO BOP: 11/02/2013

PUBLICADO BOP: 30/12/2013

PUBLICADO BOP: 30/12/2014

PUBLICADO BOP: 29/12/2015

PUBLICADO BOP: 30/12/2016

PUBLICADO BOP: 28/12/2017

PUBLICADO BOP: 18/12/2019

Ditas modificacións deben ser informadas pola Comisión Informativa de Economía Facenda e Especial de Contas, para a súa posterior aprobación polo Pleno Municipal.

Vilagarcía de Arousa, na data da sinatura electrónica

O Alcalde

Alberto Varela Paz

Dáse conta dos informes que constan no expediente.

- A Sra. Suarez Sarmiento solicita que se lle envíen os custes do servizo de recollida de lixo dos anos 2023 e 2024

- A Sra. García Sanmartín contesta que se enviará.

- A Sra. Suarez Sarmiento indica que no informe económico da Tesoureira non figura o custe de SOGAMA.

- O Sr. Mouriño Santiago contesta que o custe de SOGAMA figura coa redución da bonificación no informe do Interventor.

- O Sr. Fajardo Recouso indica que non se sabe quen redactou as notas para o informe técnico-económico, nin o seu custe. Hai diferencias económicas neste servizo entre o Orzmento 2024 e hoxe de 600.000 €. Di que debeu contactarse cos grupos para tratar as ordenanzas.

- O Sr. Mouriño Santiago di que esta ordenanza e o primeiro paso. Estase cunha ordenanza de residuos, da que se pasará un borrador aos grupos políticos municipais.

- O Sr. Fajardo Recouso indica que poderían sentarse os grupos para a redacción da Ordenanza de Residuos e fixar criterios.

Non habendo mais intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo político municipal do PSdeG-PSOE informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PP, BNG e EU din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación provisional da modificación da Ordenanza Fiscal II.10 Reguladora da taxa por recollida de lixo.

Na Sesión Plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde, sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con once votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PSdeG-PSOE (9) e BNG (2), e dez votos en contra dos/as Concelleiros/as pertencentes aos grupos políticos municipais do PP (9) e EU (1).

ACÓRDASE Por maioría:

PRIMEIRO: Aprobar provisionalmente a modificación proposta da Ordenanza Fiscal II.10 Reguladora da Taxa pola recollida e xestión dos residuos municipais.

SEGUNDO.- Expoñer ao público o acordo aprobado provisionalmente no Taboeiro de Editos do Concello, durante o prazo de 30 días hábiles, así como publicar o anuncio de exposición ao público durante dito prazo no BOP e nun dos diarios de maior difusión da provincia, co fin de que por todos os interesados se presenten as alegacións e as reclamacións que teñan por conveniente.

Asemade, faise constar expresamente que, se durante o prazo de exposición ao público non se presentasen reclamacións contra a aprobación inicial destas modificacións, elevarase a definitivo o acordo provisional sen necesidade de adopción de novo acordo do Pleno Municipal que así o declare.

TERCEIRO.- Os acordos de aprobación definitiva, incluídos os provisionais elevados automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro da ordenanza, haberán de ser publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, e serán de aplicación a partir do día seguinte ao da súa publicación.

Así mesmo estarán a disposición dos interesados na Sede Electrónica deste Concello.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20241031&punto=13>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

14.- APROBACIÓN PROVISIONAL, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA IV.4

FISCAL XERAL.- Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas, de data 28 de outubro de 2024, do seguinte teor:

Dáse conta da Proposta da Alcaldía, do seguinte teor:

PROPOSTA DA ALCALDÍA

Asunto: Proposta de modificación da Ordenanza Nº IV.4 fiscal xeral.

O Concello de Vilagarcía conta na actualidade coa Ordenanza Nº IV.4 Fiscal xeral.

Por parte da Concelleira de Economía e Facenda propóñense modificacións para favorecer a claridade na aplicación da normativa aos cidadáns .

Vistos os informes favorables de Tesourería e Secretaría, propoño que pola Comisión Informativa de Economía Facenda e Especial de Contas se ditamine favorablemente, así como a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar provisionalmente a modificación dos seguintes artigos da Ordenanza Nº IV.4 Fiscal xeral, nos seguintes termos:

1. O artigo 8 quedaría redactado como segue:

“Nos supostos de concorrencia de varios obrigados tributarios no Imposto sobre Bens Inmóbles os obrigados ao pago poderán solicitar a división da débeda.

Na xestión do IBI, observaranse as seguintes prescricións:

1. O Concello emitirá os recibos e as liquidacións a nome do titular do dereito constitutivo do feito imponible que conste en Catastro
2. Cando un ben inmóble ou dereito sobre este pertenza a dous ou máis titulares, os interesados poderán solicitar a división da cota tributaria, sendo indispensable achegar os datos persoais e os domicilios do resto dos obrigados ao pago, así como títulos acreditativos da proporción en que cada un participa no dominio ou dereito sobre o inmóble, salvo que dita información xa obre en poder da Administración
3. Unha vez aceptada polo Concello a solicitude de división, os datos incorporaranse no padrón do imposto do ano en curso, sempre e cando a amentada solicitude se realice dentro do primeiro trimestre do ano. Despois desa data os datos incorporaranse no padrón do imposto do exercicio inmediato posterior e manterase nos sucesivos mentres non se solicite a modificación.

Non procederá a división da débeda e será desestimada a solicitude se como consecuencia da división resultan cotas antieconómicas ou mínimos exentos de importe inferior ao establecido na Ordenanza fiscal reguladora do imposto.

Nos supostos de separación matrimonial xudicial ou de divorcio, con atribución do uso da vivenda a un dos cotitulares, os interesados poderán solicitar a división da débeda ou no seu caso, a alteración da orde dos suxeitos pasivos para facer constar, en primeiro lugar, quen é o beneficiario do uso, esixíndose o acordo expreso dos interesados.

Se algunha das cotas resultase impagada esixírase o pago da débeda a calquera dos cotitulares, obrigados solidarios ao pago do tributo.

2. O artigo 14 quedaría redactado como segue:

“ 1. A concesión ou denegación de beneficios fiscais axustarase á normativa específica de cada tributo e ao disposto nas ordenanzas fiscais reguladoras destes.

A carga da proba do cumprimento dos requisitos establecidos para a obtención dos beneficios fiscais corresponderalle ao solicitante, podendo achegar, ademais da documentación esixida na ordenanza, aquela que considere conveniente.

2. As solicitudes deberán presentarse nos seguintes prazos:

- No caso de tributos de devindicación periódica xestionados mediante padrón ou matrícula, no prazo establecido na ordenanza reguladora do tributo e, no seu defecto, no prazo establecido para a presentación da declaración de alta ou modificación que corresponda.
- No caso de tributos xestionados mediante autoliquidación ou declaración tributaria, no momento de presentación desta.

Salvo que a normativa estableza outra cousa, a aplicación dos beneficios fiscais nos tributos locais requirirá a petición escrita da parte interesada e fornecerán efectos desde a data da solicitude, ou no caso de tributos de devindicación periódica, desde a devindicación inmediata seguinte á mesma, sempre que en dito momento se reúnan os requisitos esixidos para o seu goce.

3. Terán carácter provisional os actos de concesión ou recoñecemento de beneficios fiscais que estean condicionados ao cumprimento de certas condicións futuras ou á efectiva concorrencia de determinados requisitos non comprobados no procedemento en que se ditaron.

A Administración tributaria municipal poderá comprobar, nun posterior procedemento de aplicación dos tributos, a concorrencia de ditas condicións ou requisitos e, no seu caso, regularizar a situación tributaria do obrigado, sen necesidade de proceder á previa revisión dos ditos actos nos termos previstos na Lei Xeral Tributaria.

4. O procedemento para o recoñecemento de beneficios fiscais terminará por resolución da Alcaldía na que se recoñeza ou se denegue a aplicación do beneficio fiscal. Se a resolución é

estimatoria os interesados daranse por notificados coa aprobación do correspondente padrón no que consten os beneficios aplicados, salvo que o beneficio teña validez por un período determinado de tempo, que se notificará individualmente. No caso de que sexa desestimatoria ou parcialmente estimatoria notificarase no prazo máximo de 6 meses.

5. O recoñecemento dos beneficios fiscais fornecerá efectos dende o momento que estableza a ordenanza fiscal reguladora do tributo e serán de aplicación durante o período de tempo que alí se indique.

SEGUNDO.- Expoñer ao público o acordo aprobado provisionalmente no Taboleiro de Edictos do Concello, durante o prazo de 30 días hábiles, así como publicar o anuncio de exposición ao público durante dito prazo no BOP e nun dos diarios de maior difusión da provincia, co fin de que por todos os interesados se presenten as alegacións e as reclamacións que teñan por conveniente.

Asemade, faise constar expresamente que, se durante o prazo de exposición ao público non se presentasen reclamacións contra a aprobación inicial obxecto da proposta, elevarase a definitivo o acordo provisional sen necesidade de adopción de novo acordo do Pleno Municipal que así o declare.

TERCEIRO.- O acordos de aprobación definitiva, incluído o provisional elevado automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro da Ordenanza, haberán de ser publicados no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, e serán de aplicación a partir do día seguinte ao da súa publicación.

Vilagarcía de Arousa, na data da sinatura electrónica

O Alcalde

Alberto Varela Paz

Dáse conta dos informes que constan no expediente.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo político municipal do PSdeG-PSOE informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PP, BNG e EU din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación provisional da modificación da Ordenanza IV.4 Fiscal Xeral.

Na Sesión Plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde, sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con once votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PSdeG-PSOE (9) e BNG (2), e dez abstencións dos/as Concelleiros/as pertencentes aos grupos políticos municipais do PP (9) e EU (1).

ACÓRDASE Por maioría:

PRIMEIRO: Aprobar provisionalmente a modificación proposta da Ordenanza Fiscal IV.4 Fiscal Xeral

SEGUNDO.- Expoñer ao público o acordo aprobado provisionalmente no Taboeiro de Editos do Concello, durante o prazo de 30 días hábiles, así como publicar o anuncio de exposición ao público durante dito prazo no BOP e nun dos diarios de maior difusión da provincia, co fin de que por todos os interesados se presenten as alegacións e as reclamacións que teñan por conveniente.

Asemade, faise constar expresamente que, se durante o prazo de exposición ao público non se presentasen reclamacións contra a aprobación inicial destas modificacións, elevarase a definitivo o acordo provisional sen necesidade de adopción de novo acordo do Pleno Municipal que así o declare.

TERCEIRO.- Os acordos de aprobación definitiva, incluídos os provisionais elevados automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro da ordenanza, haberán de ser publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, e serán de aplicación a partir do día seguinte ao da súa publicación.

Así mesmo estarán a disposición dos interesados na Sede Electrónica deste Concello.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20241031&punto=14>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

17.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO BNG, RELATIVA Á ADQUISICIÓN DUNHA PARCELA PARA A CREACIÓN DUN APARCAMENTO PÚBLICO NO POBO DE CARRIL.- Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Urbanismo e Mobilidade, de data 28 de outubro de 2024, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal do BNG coa data de 7 de outubro de 2024, do seguinte teor:

Moción para a adquisición dunha parcela para a creación dun aparcamento público no pobo de O Carril

O Grupo Municipal do BNG do Concello de Vilagarcía de Arousa, ao abeiro da lexislación vixente, presenta para o seu debate no Pleno da corporación municipal a seguinte MOCIÓN:

Exposición de motivos:

A diferenza doutros puntos do concello, o pobo de Carril non conta con prazas de aparcamento propias e públicas e gratuítas que poidan dar servizo tanto ás persoas residentes no pobo como ás persoas que por diferentes motivos precisen achegarse ao mesmo.

A consecución de prazas de aparcamento, facilitaría polo tanto o día a día da poboación, o que repercutiría positivamente na vila, axudando entre outras cousas a que tamén máis persoas se animasen a fixar alí a súa residencia, ou a que escollan O Carril para o desenvolvemento de diferentes actividades, e dinamizando así a economía da zona.

Hai que ter en conta ademais, que O Carril é un dos principais atractivos turísticos da nosa vila, e que en determinadas épocas do ano ve incrementada notablemente tanto á súa poboación como o seu número de visitantes. Sen embargo, non conta coas infraestruturas necesarias para solucionar a dificultade de atopar onde aparcar no mesmo, sendo esta unha problemática recorrente para a veciñanza e unha demanda histórica da mesma.

Actualmente non se dispón na zona dun aparcamento público gratuíto en propiedade. O único existente é un aparcamento disuasorio que non é propiedade do concello e que en calquera momento podería desaparecer, véxase o acontecido no barrio de O Piñeiriño.

Preséntaselle agora ao concello a oportunidade de adquirir un terreo en venda de 1647m² e Ref. Catastral 8782025NH11188S0001RQ situado entre a rúa Extramuros e a avenida Rosalía de Castro que aliviaría esta situación e incrementaría ademais a seguridade viaria da cidadanía en eventos multitudinarios que se dan no pobo coma por exemplo as festas patronais, Festa da Ameixa, Ameixa Rock.

Saldaríase así ademais unha débeda histórica co pobo de Carril, xa que é unha demanda que lévase tempo reclamando e que responde a un servizo básico para a cidadanía. Hai que ser realistas é ter en conta que non son moitas as parcelas existentes no núcleo urbano que reúnen as condicións propicias para tal fin.

É por todo o exposto con anterioridade, polo que o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego de Vilagarcía de Arousa somete a debate e aprobación polo Pleno deste Concello esta moción, propondo a adopción dos seguintes ACORDOS:

1º Que se realicen as xestións necesarias para a adquisición por parte do Concello de Vilagarcía de Arousa da parcela con Referencia Catastral 8782025NH11188S0001RQ, de 1647 m², situada no Carril, con saída as rúas Extramuros e Avenida Rosalía de Castro respectivamente.

2º Acondicionar a parcela, unha vez adquirida, coma aparcadoiro público e gratuíto.

Dáse conta da emenda de adición presentada polo grupo político municipal do PSdeG-PSOE seguinte:

1.- Tendo en conta a particularidade do Carril, afectada por terreos de titularidade de Portos de

Galicia que limitan o libre estacionamento, o Concello de Vilagarcía de Arousa tamén negociará con outros propietarios, como poden ser os titulares da parcela, sen edificabilidade, con referencia catastral 8881602NH1188S0001MQ e a parcela con referencia catastral 8881606NH1188S0001DQ para a creación dunha nova zona de estacionamento no Carril.

2.- O Concello de Vilagarcía seguirá traballando en dotar de novos estacionamentos, seguindo a liña do xa creado na Rúa Veiga de Lamas.

Polo Grupo Municipal do BNG aceptase a emenda.

Non habendo intervencións, sométese a votación a moción coa emenda presentada, co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PSdeG-PSOE e BNG informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PP e EU din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo político municipal do BNG relativa á adquisición dunha parcela para a creación dun aparcamento público no Pobo de Carril coa emenda de adición do grupo político municipal do PSdeG-PSOE.

Dase conta da emenda presentada polo grupo político municipal do PP.

- Polo grupo político municipal do BNG non se acepta a emenda.

Dase conta da emenda presentada polo grupo político municipal de EU.

- Polo grupo político municipal do BNG non se acepta a emenda.

Na sesión plenaria sométese a votación polo Sr. Alcalde a moción coa emenda presentada polo grupo político municipal do PSdeG-PSOE, sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (21 de 21)

ACÓRDASE: aprobar a moción do grupo político municipal do BNG coa emenda de adición do grupo político municipal do PSdeG-PSOE e:

1º Que se realicen as xestións necesarias para a adquisición por parte do Concello de Vilagarcía de Arousa da parcela con Referencia Catastral 8782025NH11188S0001RQ, de 1647 m², situada no Carril, con saída as rúas Extramuros e Avenida Rosalía de Castro respectivamente.

2º Acondicionar a parcela, unha vez adquirida, coma aparcadoiro público e gratuíto.

3º.- Tendo en conta a particularidade do Carril, afectada por terreos de titularidade de Portos de Galicia que limitan o libre estacionamento, o Concello de Vilagarcía de Arousa tamén negociará con outros propietarios, como poden ser os titulares da parcela, sen edificabilidade, con referencia catastral 8881602NH1188S0001MQ e a parcela con referencia catastral 8881606NH1188S0001DQ para a creación dunha nova zona de estacionamento no Carril.

4º.- O Concello de Vilagarcía seguirá traballando en dotar de novos estacionamentos, seguindo a liña do xa creado na Rúa Veiga de Lamas.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20241031&punto=17>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

18.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DE EU SOLICITANDO O INCREMENTO DE MEDIOS PARA A REDUCCIÓN DAS LISTAS DE AGARDA NAS VALORACIÓNS DE DISCAPACIDADE.

Polo Sr. Alcalde retirase, a petición do grupo político municipal de EU, o asunto que figuraba co nº 18 da Orde do Día do Pleno.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20241031&punto=18>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

19.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO PP PARA INSTAR AO GOBERNO CENTRAL A MANTER E REPARAR O CUARTEL DA GARDA CIVIL DE VILAGARCÍA.- Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Urbanismo e Mobilidade, de data 28 de outubro de 2024, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo Grupo Político Municipal do PP coa data de 22 de outubro de 2024, do seguinte teor:

Os concelleiros integrantes do Grupo Municipal Popular, ao amparo do establecido no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, formulan, para a súa discusión e, no seu caso, aprobación no Pleno Ordinario do 31 de outubro de 2024 a seguinte MOCIÓN:

“Instar ao goberno central a manter e reparar o cuartel da Garda Civil de Vilagarcía”

EXPOÑEN

O Concello de Vilagarcía de Arousa conta cun Cuartel da Garda Civil, cuxa construción data do ano 1962. Vilagarcía de Arousa conta con 37.689 habitantes, e é o municipio máis poboado e a capital da comarca do Salnés, no corazón das Rías Baixas, ademais de ser o único Concello da comarca que conta con estación de tren e cun porto de interese nacional.

Estas circunstancias fan que o acuartelamento da Garda Civil en Vilagarcía de Arousa sexa de vital importancia para a cidade e para os arredores, estando localizada nunha localización estratéxica e con moi boas comunicacións terrestres e marítimas.

Desde a construción do cuartel, non se levaron a cabo reformas de calado, máis aló de pequenos arranxos, presentado a día de hoxe unha grave deterioración. Das 36 vivendas coas que contan, a gran maioría son inhabitables, tendo coñecemento que só un escaso número están habitadas.

Fai anos, o Ministerio de Interior obtivo a disposición duns terreos na zona de Fontecarmoa para a construción do futuro novo Cuartel da Garda Civil de Vilagarcía de Arousa, con todo, a crise económica do ano 2008 frustrou devandito proxecto.

O certo é que, a día de hoxe, o Cuartel da Garda Civil de Vilagarcía de Arousa segue á espera dun proxecto do goberno do estado para que leve a cabo a súa rehabilitación íntegra ou a construción dun novo cuartel.

En relación aos servizos prestados, o goberno de Pedro Sánchez xa incumpriu a súa palabra e modificou as capacidades operativas das unidades situadas no Cuartel de Vilagarcía, tendo en conta que, este ano 2024 cambiou a adscrición da Capitanía, pasando a depender da compañía de Cambados a pesar de que fisicamente se emprazan en Vilagarcía de Arousa.

Tralo exposto anteriormente, o Grupo Municipal do Partido Popular .

SOLICITA:

- Que se inste ao Ministerio do Interior para que constrúa un novo Cuartel da Garda Civil en Vilagarcía de Arousa ou, na súa falta, realice unha rehabilitación íntegra do actual.

- Que se inste ao Ministerio para que rectifique a súa decisión de trasladar a dependencia da capitanía da Garda Civil a Cambados e a manteña en Vilagarcía de Arousa.

- Que se inste ao Ministerio do Interior para que manteña no acuartelamento de Vilagarcía de Arousa os servizos de Atención ao Cidadán en materia de Intervención de Armas, Servizo de Protección da Natureza e Servizo Fiscal e Fronteiras (as dependencias situadas no Porto de Vilagarcía e as que se atopan no acuartelamento).

- Que se inste ao Ministerio do Interior para que cubra a taxa de reposición dos axentes adscritos á compañía de Vilagarcía de Arousa.”

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo político municipal do PP informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PSdeG-PSOE, BNG e EU din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo político municipal do PP para instar ao Goberno Central a manter e reparar o cuartel da garda civil de Vilagarcía.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con nove votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ó grupo político municipal do PP (9), unha abstención do concelleiro pertencente ao grupo político municipal de EU (1) e once votos en contra, dos/as Concelleiros/as pertencentes aos grupos políticos municipais do PP (9) e BNG (2)

ACÓRDASE: Por maioría rexeitar a moción presentada polo grupo político municipal do PP para instar ao Goberno Central a manter e reparar o cuartel da garda civil de Vilagarcía.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20241031&punto=19>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

20.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO PP PARA INSTAR AO MINISTERIO DE TRANSPORTES E MOBILIDADE SOSTIBLE E A ADIF A QUE REPOÑAN O SERVIZO ADIF ACERCA. Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Servizos Sociais e Igualdade, de data 28 de outubro de 2024, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo Grupo Político Municipal do PP coa data de 22 de outubro de 2024, do seguinte teor:

Os concelleiros integrantes do Grupo Municipal Popular, ao amparo do establecido no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, formulan, para a súa discusión e, no seu caso, aprobación no Pleno Ordinario do 31 de outubro de 2024 a seguinte MOCIÓN:

“Instar ao Ministerio de Transportes e Mobilidade Sostible e a Adif a que repoñan o servizo Adif acerca”

EXPOÑEN

Adif Acerca é un servizo gratuíto e especializado xestionado por Adif que ten como obxectivos: orientar, informar e axudar no acceso e tránsito polas estacións, así como na subida e baixada dos trens ás persoas que por causa dalgunha discapacidade ou problemas de mobilidade precisan de axuda para utilizar o transporte público ferroviario.

O servizo pódese atopar en dúas modalidades:

Estacións con servizo permanente: Con presenz a constante do persoal de asistencia na propia estación e con solicitude das persoas usuarias de ata 30 minutos antes da saída do tren.

Estacións con servizo puntual: Con persoal de asistencia presente só a demanda do servizo e con solicitude das persoas usuarias de ata 12 horas antes da saída do tren.

Na estación de ferrocarril de Vilagarcía de Arousa o servizo de asistencia a persoas con problemas de mobilidade, chamado Atendo naqueles intres, funcionou de forma permanente durante algo máis de tres anos e o fixo cun alto grado de satisfacción entre as persoas que o precisaron. A partir de marzo de 2011, a compañía ferroviaria toma a decisión de suprimilo, pasando a ser unha asistencia puntual, por falta de demanda, según a xustificación da operadora.

Non obstante, o Partido Popular de Vilagarcía ten constancia da alta demanda do programa Adif Acerca na nosa estación, así como do aumento da mesma nos últimos anos, coa seguinte progresión, segundo datos oficiais:

Xaneiro – xullo 2022: 571 persoas atendidas.

Xaneiro – xullo 2023: 678 persoas atendidas.

Xaneiro – xullo 2024: 990 persoas atendidas.

Estes son os datos dos servizos atendidos, non constan as persoas que por imposibilidade de previsión ou por descoñecemento da súa obrigatoriedade non poden recibir o servizo al non existir persoal na estación para prestalo.

Tralo exposto anteriormente, o Grupo Municipal do Partido Popular

SOLICITA:

- Instar ao Ministerio de Transportes e Mobilidade Sostible e a Adif a repoñer o servizo Adif Acerca de forma permanente na estación de Vilagarcía de Arousa.

Ana Granja – Concelleira do Grupo Municipal do Partido Popular

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PP, BNG e EU informan favorablemente.

As persoas representantes do grupo político municipal do PSdeG-PSOE din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo político municipal do PP para instar ao Ministerio de Transportes e Mobilidade Sostible e a ADIF a que repoñan o Servizo ADIF acerca.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (21 de 21)

ACÓRDASE: aprobar a moción presentada polo grupo político municipal do PP e Instar ao Ministerio de Transportes e Mobilidade Sostible e a Adif a repoñer o servizo Adif Acerca de forma permanente na estación de Ferrocarril de Vilagarcía de Arousa.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20241031&punto=20>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

21.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO PP PARA INSTAR AO GOBERNO DE ESPAÑA A EQUIPARAR O TRATAMENTO FISCAL E LABORAL DAS ACTIVIDADES DO SECTOR PRIMARIO E INCLUSION DO SUBSECTOR DA PRODUCCIÓN DE MOLUSCOS BIVALVOS EN PARQUES DE CULTIVO NO RÉXIME DE ESTIMACIÓN OBXECTIVA DO IRPF.- Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas, de data 28 de outubro de 2024, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo Grupo Político Municipal do PP, coa data de 23 de outubro de 2024, do seguinte teor:

Os concelleiros integrantes do Grupo Municipal Popular, ao amparo do establecido no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, formulan, para a súa discusión e, no seu caso, aprobación no Pleno Ordinario do 31 de outubro de 2024 a seguinte MOCIÓN:

“Instar ao Goberno de España a equiparar o tratamento fiscal e laboral das actividades do sector

primario e inclusión do subsector da produción de Moluscos Bivalvos en parques de cultivo no réxime de estimación obxectiva do IRPF”

EXPOÑEN

Un dos produtos máis coñecidos e destacado do noso concello é a ameixa de Carril. Este bivalvo permite levar o nome da vila carrilexa e de Vilagarcía por todo o mundo. E o fai ademais, transmitindo a gran calidade dos alimentos que produce o noso mar e o noso litoral.

A calidade da nosa ameixa débese ao traballo dos produtores deste bivalvo, entre os que se atopan as mariscadoras e os parquistas de Carril. Grazas aos profesionais do mar, os parques de cultivo dótanse da mellor selección de sementes coas que se obtén unha ameixa de gran calidade.

Estes profesionais desenvolven unha actividade que se engloba dentro do sector primario, sen embargo, a efectos fiscais e laborais, sobre todo a nivel de incentivos, existen diferenzas dentro deste sector, quedando excluídos de algunhas vantaxes fiscais das que gozan o resto de actividades do sector primario.

Atendendo á Lei 47/2015, de 21 de outubro, mediante a cal se regula a protección social das persoas traballadoras do sector marítimo-pesqueiro, inclúe, entre outros, a acuicultura como un subsector dentro do sector da pesca e, polo tanto, dentro do sector primario. Dentro do sector primario, existe un réxime especial da agricultura, a gandería e a pesca, que permite a estes oficios acollerse á Orde HFP/1359/2023, do 19 de decembro, pola que se desenvolven para o ano 2024 o método de estimación obxectiva do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e do réxime especial simplificado do Imposto Sobre o Valor Engadido. Sen embargo, este réxime especial, so inclúe, dentro do sector da pesca, ao subsector de produción do mexillón en batea, excluíndo ao da produción e extracción de moluscos bivalvos.

Esta moción ten como obxectivo conseguir que, na Orde que regula o método de estimación obxectiva do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas se inclúa o subsector da produción de Moluscos Bivalvos en parques de cultivo baixo concesión administrativa. A súa incursión, permitiría aos nosos traballadores acceder ao Réxime de Estimación Obxectiva, tamén coñecido como o sistema por módulos, que ten a vantaxes de simplificar o procedemento de declaración de impostos e eliminando as trabas burocráticas.

Ademais, tamén é fundamental, dende o Concello de Vilagarcía mostrar un compromiso firme con respecto a equiparación dos beneficios e incentivos fiscais e laborais coas actividades do sector primario.

Tralo exposto anteriormente, o Grupo Municipal do Partido Popular SOLICITA

- Instar ao Goberno de España para que garanta a equiparación fiscal e os mesmos beneficios fiscais e laborais do sector da pesca, incluíndo todos os seus subsectores, co resto de actividades do sector primario.

- Que se inste ao Goberno de España para que se inclúa na Orde que regula o método de estimación obxectiva do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas o subsector da produción de Moluscos Bivalvos en parques de cultivo baixo concesión administrativa.

Ana Granja – Concelleira do Grupo Municipal do Partido Popular

A Sra. García Sanmartín indica que na Xunta de Goberno Local de hoxe (28 de outubro) apoiouse unha petición de UPTA neste sentido.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PSdeG-PSOE e PP informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do BNG e EU din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo político municipal do PP para instar ao Goberno de España a equiparar o tratamento fiscal e laboral das actividades do sector primario e inclusión do subsector da produción de Moluscos Bivalvos en parques de cultivo no réxime de estimación obxectiva do IRPF.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o

seguinte:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (21 de 21)

ACÓRDASE: aprobar a moción presentada polo grupo político municipal do PP e:

- Instar ao Goberno de España para que garanta a equiparación fiscal e os mesmos beneficios fiscais e laborais do sector da pesca, incluíndo todos os seus subsectores, co resto de actividades do sector primario.

- Que se inste ao Goberno de España para que se inclúa na Orde que regula o método de estimación obxectiva do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas o subsector da produción de Moluscos Bivalvos en parques de cultivo baixo concesión administrativa.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20241031&punto=21>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

22.- INTERPELACIÓNS OU CONTROL DAS DECISIÓNS DO GRUPO DE GOBERNO.

Non se presentaron

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20241031&punto=22>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

23.- MOCIÓNS PRESENTADAS POLOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS POR RAZÓNS DE URXENCIA.

En cumprimento do preceptuado no artigo 91.4º do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Corporacións Locais, concluído o exame dos asuntos incluídos na Orde do Día, e antes de pasar á rolda de rogos e preguntas, o Sr. Alcalde preguntou se algún grupo político desexaba someter á consideración do Pleno por razóns de urxencia algún asunto non comprendido na orde do día que acompañaba a convocatoria e que non teña cabida no citado punto de rogos e preguntas, non propoñéndose ningunha moción polos Grupos Políticos Municipais.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20241031&punto=23>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

24.- RESPOSTA DOS/AS CONCELLEIROS/AS DELEGADOS/AS ÁS PREGUNTAS FORMULADAS NO PLENO ANTERIOR.

Por parte dos/as Sres./as Concelleiros/as respóndese ás preguntas formuladas no Pleno anterior.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20241031&punto=24>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

25.- ROGOS E PREGUNTAS FORMULADAS POLOS MEMBROS DA CORPORACIÓN MUNICIPAL.

Por parte dos/as Sres./as Concelleiros/as fórmulanse rogos e preguntas que serán contestadas no próximo Pleno.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20241031&punto=25>

Así mesmo poderá acceder á gravación integra en: sede.vilagarcia.gal

26.- QUENDA DE ROGOS E PREGUNTAS ENTRE AS PERSOAS QUE ASISTEN COMO PÚBLICO Á SESIÓN. Por parte das persoas que asisten como público á sesión fórmulanse rogos e preguntas.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20241031&punto=26>

Así mesmo poderá acceder á gravación integra en: sede.vilagarcia.gal

E sen máis asuntos que tratar, ás 21:00, levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.